

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 81 * DO 9 AO 15 DE NOVEMBRO DE 1979 * 30 PTAS.

PANTERA

**DAN MAIS
GOLPES
OS CACIQUES
QUE O BOXEO**

FENE

**PC, PSOE, UG:
NON SI,
NON NON**

**A U.C.D.:
CADA UN NO
SEU FEUDO (I)**

Foto: XURXO FERNANDEZ



CASALDERREY E BLANCO RAJOY, PADRIÑOS

Esportar, via elegante para aniquilar



NON SERA PRA TANTO

Eses fascistas "aggiornati" que veñen agora solicitando respecto sen telo, é unha cousa seria. Certo señor que firma con siglas (¿e logo?) a "Cartas al Director" de "La Voz de

Galicia", clama ao ceo en tono pretendidamente irónico, contra douscentos rapaces que asaltaron un posto fascista en Santiago, porque dous días antes, unha manifestación polo divorcio se vira atacada por un comando de Fuerza Nueva armado con cócteles Molotov (supostos entrambos negados polo correspondente); prega o señor sigláfir-mante contra de quen non respeta a democracia, as ideas, etc... E coidamos que o mesmo día, "El Correo Gallego" recollía reseña dun mitin ultradereitista

en Murcia, no que Diego Márquez Horrillo deostaba: "Si en algún momento se hace precisa una marcha sobre las regiones que se quieren desvincular de la Patria, las camisas azules irán en vanguardia". E ao compás da "patriótica" arenga, o público aderíase "Iremos, como fueron nuestros padres".

Xa ven o plan. Agora que, xa se sabe por onde lles marcha a forza ás gaseosas, e, miren por onde, o que menos medo nos mete agora son estes estoupidos de "furia española". E moito menos calisquer suposta agresión dos "demócratas" do fascismo.

ESPORADICA SINCERIDADE

A cachaza de Pío Cabanillas

non coñece lindes. "El Estatuto de Galicia debería llamarse "de la Moncloa", pues fue allí donde se fragó", recóllelle "La Voz de Galicia". "El Estatuto es obra de UCD, porque en política no hay más realidad que la del poder de decisión, y sobre como debe ser este Estatuto, la decisión le corresponde al partido del Gobierno. Los otros partidos, como es natural, intentan revalorizar su importancia en la gestión del Estatuto, pero de hecho, su actitud ha sido en la mayoría de los casos puramente testimonial".

E máis nada. ¿Para qué falar seguido de democracias e demais lérias amóulantes? O que manda manda, e o Estatuto non é mais que unha coña.

E SE OS BANCOS SE COMERAN...

"Orense, primera provincia de España en el ahorro de emigrantes", é o encabezado dunha crónica de Ourense en "La Voz de Galicia" na semana pasada. "... Y figura también entre las primeras del Estado español en ahorro general", engádese, sin embargo, Orense sigue figurando en los puestos de cola entre las provincias españolas". E a consecuencia, segundo entende Marcos Blanco, alto cárrago da Caixa de Aforros, é que "primar el ahorro en Orense con cotas que no permiten la inversión en la zona es condicionar el futuro de la provincia a una permanencia en el ahorro de emigrantes".

Se non hai inversión de todas todas, o único que se condiciona

é o futuro dos bancos. Porque o que é o da provincia...

"DINAMISMO" CONSTITUCIONAL

Parece que Emilio Attard, tal e como anunciaba, xa lle vai collendo o toque a eso dos Estatutos, e saen coma churros. Veñen de anunciar ("El Ideal Gallego" do 8 de santos pasado), que a Comisión Constitucional comenzará co estudo do Estatuto para Galicia o 16, e o amigo Attard anuncia que "Cinco días son suficientes para concluir con el estudio del texto autonómico".

Pra o que fixeron, sobrou a dobre de tanta historia. Así e todo, hai que ter cara pra gastala así.



mostra de outono

VISITE A "MOSTRA DE OUTONO DE PINTURA E ESCULTURA GALEGA CONTEMPORANEA" ORGANIZADA POLO NOSO SEMANARIO.

NA CORUÑA: DO 6 AO 25 DE NOVEMBRO NO QUIOSCO ALFONSO.

EN VIGO: DO 28 DE NOVEMBRO AO 15 DE NADAL NA SALA DE EXPOSICIONS DO AXUNTAMENTO NOVO.

UNHA MOSTRA REPRESENTATIVA DOS NOSOS MELLORES PINTORES E ESCULTORES CON MESAS REDONDAS SOBRE PROBLEMATICA DA ARTE GALEGA, VISITAS GUIADAS PARA ESCOLARES, ETC.

NON DEIXE DE ASISTIR A PRIMEIRA "MOSTRA DE PINTURA E ESCULTURA GALEGA CONTEMPORANEA".

SUBSCREBASE

PODE FACELO DIRIXINDOSE A ANOSA TERRA

RUA DA TROIA, 10-1º

APARTADO 1031 - SANTIAGO

OU CHAMANDO AO TFO. 981-58 26 13

Estado: Suscripción semestral, 800 Ptas. Suscripción anual, 1.500 Ptas.— EUROPA: Anual, 1.900 Ptas. Semestral, 1.000 Ptas.— AMERICA: Argentina, Uruguay, México, etc. Anual, 2.600 Ptas. Semestral, 1.325 Ptas.— U.S.A., Puerto Rico: Anual, 2.350 Ptas. Semestral, 1.200 Ptas.

Novo nº. da conta no Banco Pastor de Santiago: 106.735

Por Xosé Lois G.



Sabeliña

ATOMI-FLOSIS!

FLORO-NUCLOSIS!

FLOSONU-CLURIS!

¿QUÉ SON ESAS PARVADAS, SABELIÑA?

ESTABA DISCURRIDOLLE UN NOME PRA ENFERMEDADE QUE TERÁN AS BERZAS DE XOVE CANDO ADEMAIS DA ALÚMINA ESTERA A NUCLEAR

Casalderrey e Blanco-Rajoy, padriños ESPORTAR, VIA ELEGANTE PARA ANIQUILAR

Outra materia prima empeza a irse. Empeza a irse desde os peiraos de Viveiro e Vilagarcía camiño de Arxelia. Atras queda a posíbel ruína dos 996 aserradeiros de Galicia cos seus 7.300 traballadores declarados, na realidade uns 15.000; atrás queda e preténdese o deterioro doutro sector económico do noso país e desa ladaíña de pequenas empresas espalladas por toda Galicia. E todo porque un tal lemos, baixo a firma de Lemos, S.A. xunto co seu fillo, desde un pequeno despacho madrileño quere facer a América a conta da exportación de 100.000 metros cúbicos de rolla de piñeiro da mellor calidade.



Na primaveira o Ministerio de Comercio autorizalle 10.000 e paseniñamente empeza as súas operacións. De seguida, acusando en propio corpo as consecuencias que se aviciñaban, os aserradeiros galegos moveronse para que se bloquea sen as licencias á exportación da rolla, materia prima inexcusábel para poder manter minimamente a produción de envases que é a vida do sector. Con este obxectivo saíron cara Madrid o presidente da Federación galega da Madeira, con sede en Vigo, señor Riveiro Pérez, xunto cos que presiden a nivel local o sindicato en Lugo, Ourense e Coruña. E alo nos pasillos ministeriais toparon que Lemos que non estaba so. Amparábano, nada menos que o conselleiro de Agricultura, Gandaría e Montes da Xunta de Galicia, señor Casalderrey (quen, por certo, semella ostentar unha conselleira fantasma que nen equipo nominado ten) e máis o Presidente da Cámara Agraria Provincial da Coruña, señor Blanco Rajoy, ambos os dous adscritos á UCD. Somentes o presidente da Federación, señor Riveiro, se mantivo firme na defensa dos presupostos dos madeiros —ver recadro da páxina 4— mentras que, e na sua auséncia, mentras iba facer unha xestión co Ministro, os representantes locais colleron polo camiño das dúbidas, porque o máis seguro algún recibio promesas de compra de rolla... Naquela reunión de Lemos S.A., Blanco Rajoy, Casalderrey e os

CADRO BRANCO

A loita dos viciños de Quián contra dos típicos que aroto fan e desfán canto lles peta coa face cuberta de santos. Mais adiante xa se verá.

emisários dos aserradeiros andaban a observar os resultados un funcionario do Ministerio de Comercio e ao pouco tempo o señor Lemos tiña outr licéncia de exportación, esta vez xa por 25.000 Toneladas. Os valedores que procurara non eran mancos e aínda anda atras do que falta para as 100.000. Na banda contraria, algún aserradeiro exclamaba: "os problemas forestais e da industria da madeira galega, os antigos presidentes dos sindicatos viaxaban a Madrid en representación de Galicia e á sua conta, pero só para resolver os seus problemas pessoais, polo menos esto era o que frecuentemente nos respastaban os altos xefes sindicais de Madrid cando algún de nós, individualmente, desplazábase hastra aló para reclamar algunha cousa. Houbo ún que se comprometeu diante dunha Asamblea Xeral na Coruña a ir recabar a Madrid o cumprimento da norma de que

as celulosas e fabricas de tableiros se limitaran a consumir tronco inferior aos 15 centímetros de diámetro, que é para o que están autorizados, e que si non o conseguia dimitía como presidente. Fixo o viaxe a conta de todos e de volta dixonos, ao lle preguntar o resultado, que o que tiña conseguido era unha nova fábrica de aglomerados que podía consumir troncos non de 15 centímetros senon hastra de 18. E quedouse tan campante, e de dimitir nada. Pois ben os presidentes da democracia polo último viaxe que fixeron a Madrid, agás un, levan o mesmo camiño..."

Quen así fala, don Manuel Vidal, socio dunha fábrica de madeiras ao pé de Portisin (Coruña) vai encrequenando a sua opinión:

"As serrarias non son rentabeis comercialmente, son rentabeis porque igual traballan 14

horas os da casa, teñen un obreiro ou dous que non dan problemas e todo o de seguridade social ou convenios pasan por alto, samente o cumplen o vinte por cen das serrarias; e o peor e que remataremos por quedar sen materia prima que transformar, agora, cando se esta decindo que para o ano 2.000 a madeira ha ser tan importante como o petróleo... porque as resinosas escasean en todo o mundo, pero Galicia é dos que máis produce de Europa e producimos a pesares do abandono de ICONA que vende os pinos de 13 anos —nesa altura soio dan 150 kilos e serven so para papeleiras e tableiros— e si os deixara 15 anos darían 500 kilos e servirían tamén para aserradeiros, para converter en tabla, envalaxe e todo iso. E é que o rendemento maior da arbore está entre os 15 e os 30 anos, pero cortando antes... Asi delgada ellos util, eso si, aos

monopolios de Celulosas e Tableros, e os montes de Icona en vez de estar ao servicio da industria galega, estano ao de Celulosas e Tableiros".

E tamén lle da que pensar esas 100.000 posibles toneladas de rolla, de 20 centímetros de diámetro que empezan a irse:

"Galicia produce aproximadamente 1 millón de metros cúbicos de rolla que non chega a nada. Ese señor pretende exportar este ano 100.000 metros cúbicos, en beneficio seu e que representan para Galicia perder 350 millóns de pesetas para man de obra. E dase o caso que lla vai exportar a Arxelia que a quere so para crear ali postos de traballo, que inda lle vai salir máis cara que se nos comprase a nós a tablilla xa feita que os arxelinos van sacar da rolla. Aínda máis, resulta que Arxelia viña comprando madeira elaborada últimamente aos valencianos —que tamén levan a madeira de Galicia— e agora coa rolla que se exporta tápasenos outro mercado potencial para a madeira galega. ¿por qué Galicia vai vender a sua materia prima e deixar sen raballo á sua industria se para colmo somos un país de emigrantes?"

Sabeno ben o Goberno español, sabeno ben o señor Conselleiro da Xunta e o da Cámara Agraria Provincial da Coruña, intermedarios destes "affaires", valedores do deterioro medio dos recursos galegos, neste caso, dalgo tan precioso como a madeira. Esportar, unha via elegante para aniquilar.

CADRO NEGRO

As palabras e máis os feitos dos típicos que no lugariño de Quián perderon para sempre as suas caretas.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.

Comisión de Fundadores:

Acosta Bèiras, Xoaquín.
Fontenla Rodríguez, Xosé Luis.
López Gómez, Felipe Senén.
Morales Quintana, Xosé Enrique.
Varela García, César.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores

e Colaboradores: Xosé Ramón Pousa,
Antón L. Galocha, Lois Celeiro,
Pablo Viz, Paco Arrizado,
Fernando Franco, Ignacio Briset,
Suso Piñeiro, Guillermo Pérez,
F. Cusí, Xosefina L. Corral,
Emilio Veiga (Países Catalans),

P. Iparraguirre, Maialde (Euskadi),
María Alonso (España),
Carlos Durán (Londres),
A. P. Dasilva (Porto),
Juanjo Navarro, Llatzer Moix,
Patiño, Vázquez Pintor.
Diseño e Confección:
"Galicia, Estudo e Formas".

Fotografía: Brais,
Xurxo Fernández, Fernando Bellas,
Abel de Louxas.

Dibuxos: Xaquín Marín,
Xulio Maside, Alfonso Sucasas,
Xurxo Fernández, P. A. Estevez,
Fiz Valcárcel, Pepe Barro.

Redacción e Administración:
Troia 10-primeiro Santiago
Redacción: 582681
Administración (de 10 a 14):
582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset
C. Quiroga, 11-15. Ourense
Dep. Legal: C-963-1977

Distribución: A Coruña, Librería CO-
LON. Real 24, telf. 222206. Santiago
e Lugo, PRENSA NACIONAL, Telf.
583456. Pontevedra, Librería CAO,
Telf. 855374. Vigo, Distribuidora VI-
GUESA, Telf. 414570. Ferrol, Distri-
buidora VELO, Telf. 357707. Ouren-
se, Vda. de Lisardo, Telf. 230218.
Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf.
4231933. Barcelona, F. Rafales Ar-
tal, Telf. 2433658.

A PERDA DOS MERCADOS

Holanda.— Desde o ano 74 por mor das fortes presións dos exportadores de froita, o Ministerio de Comercio español negou os permisos de exportación de "tablilla" dunha gordura inferior aos 5 mm, e con isto Galicia perdeu o mercado holandés de consumo de tabillas para envasado de tomate, mercado abastecido agora polas serririas portuguesas, algúns exportadores de chopo valencianos e tableiros de fibras da URSS.

Marrocos.— Desde o 1962 veu mercando Tablilla galega semielaborada para a confección de caixas para envasado de froitas pero hoxe cambiou esta importación pola de tablón en escuadrias e co mesmo Galicia perde ao redor das 2.000 pesetas por metro cúbico de valor engadido en man de obra, que é máis ou menos o que ven representar a elaboración de un metro cúbico. As derradeiras noticias falan de xestións para adquirir madeira de piñeiro en rolo, co que xan non importarían sequera a madeira elaborada en talbón, coa conseguinte perda de postos de traballo nos aserradeiros galegos.

Canárias.— Este mercado triñse perdido por mor da influencia das grandes fábricas de cartón e conseguinte imposición do Ministerio de Comercio —contra a opinión mesmo dos exportadores canários— tocante a que todos os envases dos seus produtos (plátanos, tomates, pepinos...) fosen de cartón. Tentando recuperalo instalouse en Galicia unha factoría de cosido e marcado de envases semielaborados e posteriormente os canários realizarían as operacións de armado nos seus almacéns e costes moi baixos, feito que orixinou unha primeira exportación de 1 millón de caixas. Pero a intervención, outra volta, das fábricas de cartóns que baixaron o preço a 25 pesetas envase —cando o inicial era de 30 e 38 pesetas por caixa— imposibilitou que os aserradeiros galegos puideran seguir esta vía competitiva e, polo tanto, suministrando a tablilla tal e comose tiña iniciado.

Irak e Libano.— Simultaneamente ás xestións con Canárias, unha representación dos aserradeiros galegos desplazouse a Bagdad conseguindo unha primeira operación de exportación de caixas para o envasado de dátiles por valor de 55 millóns de pesetas, operación que se duplicou pasado un ano e

continuou até o 1978 cunha exportación anual de 100 millóns de pesetas en tablilla pero a suba do valor da peseta contou a partires de enton novas exportacións.

Francia.— Desde o 75 Galicia exporta uns 100 millóns de pesetas en madeira para o envasado de froitas cara Avignon e para o envasado de viños de Burdeos, estando a piques de se extinguir o primeiro e tendo que rebaixarse o segundo nun 8 por ciento do valor contratado, tamén a costa da suba da peseta.

Egipto, Libia e Arxelia.— Países considerados como potenciais consumidores de madeira elaborada galega e aínda que concursamos en Egipto para a exportación de varios millóns de caixas, foille adjudicado a Chipre por ser un país onde a exportación está máis favorecida. Referente a Libia e Arxelia só sabemos que desde Levante exportáronse caixas por valor duns 200 millóns na primavera do 79.

Desde hai algún tempo, e en colaboración cun número indeterminado de rematante de madeira de Galicia, unha empresa madrileña que paga precios iguais aos dos aserradeiros vense dedicando á exportación de piñeiro en rolo de diámetros superiores aos 20 centímetros madeira imprescindible para os aserradeiros galegos... Temos que facer constar a nosa disconformidade coas importacións de madeira en rolo que se ven realizando con destino as fábricas de celulosas, algunha delas —como a que transportaba o buque "Fer-Jamaica" no mes de xaneiro deste ano —viña contaminada, segundo consta nas análises efectuadas no Centro Forestal de Lourizán, de Pontevedra, o que supón un grave perigo para as masas arboreas galegas, en xeral, e de Pontevedra en particular.

Como consecuencia do devandito solicitamos:

1.— Prohibición absoluta das exportacións de madeira en rolo apta para a súa elaboración nos aserradeiros.

2.— Aplicación da desgravación fiscal que teñen os envases de cartón para os envases de madeira...

3.— Prohibición de importacións de toda clase de madeira, tanto elaborada como en rolo, mentras a produción nacional sexa suficiente para o abastecimento das necesidades... (do escrito presentado en xunio polos madeiros galegos diante do Ministerio de Comercio).

BAR LINO

COMER, BEBER E FALAR;
UN AMBIENTE GALEGO E POPULAR

LIBERTAD, 17
OURENSE

COLCHONERIA SANTO DOMINGO

50 ANOS TRABALLANDO
PRA MILLORAR O SEU
DESCANSO

STO. DOMINGO, 42. Tif.: 222545
OURENSE

CAFE-BAR PARRILLA

ESPECIALIDAD EN
CARNE A PARRILLA
HNOS. SIESTA, 16
OURENSE

OBRADOIRO GRAFICO

COPISTERIA

Impresos-Fotocopias
(A3 e reducidas)

Copias de planos - composición
de textos - diseño.

Capitán Eloy, 22
Entrechán central
Tif.: 213837 - OURENSE

Agora podemos axudar máis

¿Vostede é cliente da Caixa de Aforros Provincial de Ourense?
Si é así ¡SIGA ADIANTE COS SEUS PROXECTOS! A Caixa fíalle os cartos



AUTORIZADO POLO BANCO DE ESPAÑA NO 30-X-79

- * Estamos en condicións de invertir 3.000 MILLONS de pesetas en Préstamos de Regulación Especial. E é posíbel que nos doce meses próximos poidamos ampliar esta cantidade hastra 4.500 MILLONS.
- * ¿Qué é un Préstamo de Regulación Especial? Os préstamos de Regulación Especial, son as operacións crediticias de inversión que establece a Orde Ministerial do 20-VII-64 e modificacións posteriores.
- * A retribución máxima por todos os conceptos (tipo de interés máis comisións), establecece en función do prazo da operación, hastra un máximo do 11 por cen de interés.
- * 1.— PRESTAMOS PARA ADQUISICIÓN DE VIVENDA.— Préstamos para a construción e adquisición de vivendas sociais.
- * 2.— PRESTAMOS SOCIAIS AO COMERCIO.— Préstamos para novas inversións e equipamento de empresas comerciais.
- * 3.— PRESTAMOS A INDUSTRIA. IA.— Para novas inversións. Para a creación ou ampliación de industrias.
- * **E todo pode serlle aínda máis doado se, asemade, mantivo unha relación de asiduo cliente da Caixa.**



CAIXA DE AFORROS
PROVINCIAL DE OURENSE



REGODELA (XOVE)

FENOSA, AS AGACHADAS

Inda pechados os veciños de diferentes freguesías de Xove por mor dos escapes de fluor, salta ao ar a noticia de que existe unha concesión oficial pra que, no seu día, a Central Nuclear poida verquer os seus refugallo nun río, lóxicamente veciño do mar. A opinión pública vólvese alporizar, e unha Comisión de 10 veciños dos lugares de Vilachá, Camba, San Cristobo, Xuances, etc, após tomaren outravolta contacto coa AN-PG, acordan ir a Lugo pra se entrevistaren co Gobernador Civil e co Delegado de Industria.

A NOSA TERRA recabou información de dous lados: dunha banda, o Gobernador Civil, inda aecptando a existencia da concesión, adia o problema pra cando a construción da central, "e eso non vai ser agora". Doutra, os veciños, desespranzados uns, expectantes outros, cada vez máis belinixerantes, e contra da central todos.

COMPRAR AOS ALLEOS

O pouco que levan feito os da Empresa (instrumentos de control atmosférico e ambiental) foi en terras que vendeu xente que non vive en Xove. "Eses alleos foron os primeiros que venderon... ¡A eles qué lles importa! Eles o que quixeron foi cartos e largar!". "Ao primeiro non pagaban, e en vendo que se podía montar algo, apuráronse en pagar, que hastra lle foron pagar á Coruña a un que vivía alí". Semella que en tema tan delicado se quixeran evitar os conflitos dende o primeiro momento. "Abaixo da Camba,

onde ao Río Guilán, que é donde queren coller as augas, foron a preguntar se alí alugarian pisos". "E a xente, craro, reaccionaba decindo: aquí hai cartos, aquí algo hai". Para a persoa que fala, a cousa está moi crara. "¡Esto é unha manobra! Din que vai haber cartos, anque logo non haxa nada, e xa teñen libre o camiño. ¡Se non os conocermos!".

Hai quen non se afixo aínda moito á idea de que na súa parroquia van a poñer unha Central Nuclear. "Eu non lle entendo deso. ¡Qué sie eu se a poñen ou non!". E algunha confórmasse. "¿E qué lle han facer? ". E unión, asegún din, haina. "Se se pode tornar, mellor é tornala, que nós estabamos a gusto".

MEDINDO AS AGACHADAS

"Haberá cousa de quince días, viñeron uns señores e puxéronse a mediren uns terreos perto da estrada que vai para Ribadeo. Ao nos enterar os de Camba, fomos aló con galletas, focues... A berrarlles que nos querían quitar a auga, que nos querían embargar... Temén tempo era que nos moveramos, que cando fora para firmar, firmaron dous e medio".

"O choio da auga xa haberá tres anos fora motivo de máis de trescentos recursos individuais"; cóntannos esto varios membros da Cámara Agraria de Xove, que ven de se pronunciar recén á contra da Central. "A cousa segue igual ca sempre, os que estiveron en contra seguen en contra... Así e todo, cando o escape da central de Harrisburg

influju na xente, e a central española de Zorita, que vén de ter un escape, tamén se correu a cousa e meteu algún medo". Hai a posibilidade que despois de se saber todo esto da auga, haxa intentos da empresa de mercar e algún veciño que pique. "E

hastra pode ser. Haberá algún que se cadra vende, e por unha miseria que lle poidan dar. Vai pasar como agora en Lago (o da contaminación da Alúmina) e en todos os lados; pensan que lles van dar unha fortuna, e logo quedan sen nada... Agora que eu non sei o dos outros?, eu polo menos penso así".

E XOVE NON VENDE

Cousa curiosa foi que houbo veciños que nos dixeron ter visto en noites craras a xente como que medía terreos, deixando os coches como gardados nos camiños arredor da estrada.

Houbo un home maios, con pinta entre simpática e pousona, que foi un dos derradeiros que falamos. Tén piñeiral, pradeira, terros, e seica cando os da Nuclear lle iban facer proposicións el tomáballes o pelo. "Cando venda hei vender canto teño". E non está soio. "Quedamos máis da metade sen vendermos".

Da xente que viña de noite, non saben moito. "Alí ríos non hai, pero se cadra viñan por eso... Agora que de día non veñen, que a cara non a dan, non. Andan todo ás agachadas".

PACO ARRIZADO

ENTREVISTA CO GOBERNADOR DE LUGO

A N.T.- No B.O.E. aparece (no núm. correspondente ao 26-10-79) a autorización por parte da "Dirección Gral. de Obras Hidráulicas" pra o aproveitamento por parte da Central Nuclear de Regodela, dun caudal das augas do Río Guilán.

-¿Qué supón esto?

-La recepción de augas para la Central Nuclear de Xove es una operación antigua que tenían hecha yo creo que... desde el año 74... y es agua dulce para el servicio de los equipos como puede ser una residencia... para los servicios que hagan falta dentro de las instalaciones actuales. Esto no supone para nada que, esto de la Central Nuclear de Xove, se esté activando pues, como se sabe, no figura en el "Plan Energético Nacional" la Central Nuclear de Xove. Para mi modo de ver no es ni más ni menos que la solución de un viejo expediente de una petición de augas a la Dirección Gral. de Obras Hidráulicas y que, en este momento, se ha substanciado y le han dado esa petición. No tiene ninguna otra interpretación de otro estilo. De que eso se vaya a hacer, como se daba a entender en alguna noticia de prensa, subrepticamente. Y... no sea de eso. En absoluto!!!

-¿Precisamente deso se falara, cando o da discusión no Parlamento do "Plan Energético Nacional", que a Central de Xove quedaba posposta....

-Yo les dije a Vds., incluso antes de esa sesión, que mis noticias eran de que la Central de Xove no iba en el Plan Energético. Y después se ha confirmado. La Central de Xove, si se hace, se hará, pero ya en una nueva aprobación a través de las Cortes.

solución de un expediente viejo... de una petición de augas... como puede pediría cualquier otro señor que tenga una fabrica, que tenga una industria para el consumo humano dentro de su empresa o de su industria. Porque además ya sabe Vd. que el agua que se utiliza en la Central Nuclear no es precisamente dulce. Se necesita agua de mar. Son cantidades ingentes de agua que circulan a través de los reactores y que se vierten al mar. Precisamente hay ese problema de augas que antes eran frías y que ahora salen calientes al mar. Es decir que no tienen nada que ver con el funcionamiento típico de una central nuclear, sino con servicios, digamos auxiliares, que pudiera necesitar el personal que pudiera trabajar en esa central.

Non... e que como os ministros, a administración, veñen falando moito ultimamente da crisis da enerxia e tal... pois nada!... tratarían logo de reconsiderar a postura..

-Pero el Gobierno nunca hará las cosas de esa manera... tan... Es evidente que tenemos un pavoroso... un plan de... vamos... de consumo de petróleo para el futuro, que por cierto también va a subir y que, naturalmente, tenemos que hacer economías en todos los órdenes. Y que tendremos que buscar energía por donde sea. Pero es un tema que se discutirá abiertamente, como se discute en un país democrático, en las Cortes y se dirá en Las Cortes la estrategia que tuviera que tomarse el Gobierno para el futuro. Es un problema serio. En el que tenemos que responsabilizarnos todos los españoles y pensar seriamente que si

andar con problemas de otro tipo, ni enmascarando, ni mutilando las cosas, sino diciéndolo como hay que decirlo y que... el ciudadano tiene que enterarse, realmente, de cuál es el problema que se le viene encima.

-Non teñen razón logo os que ven nesta concesión de augas a Central de Xove un xeito de ir facendo pouco a pouco as cousas, resultando logo unha política de feitos consumados?

-Yo no creo, ni mucho menos... non hay ninguna razón para pensar que sea un hecho consumado la concesión de augas. Si se refiere Vd. a la concesión de augas o a lo que sea... pues para mi no es ni más ni menos que el resultado de un expediente que llevaba ahí tiempo en marcha y que se le ha autorizado ahora. Eso es. Además el caudal... es un caudal pequeñísimo... es un caudal típico para el consumo practicamente digamos doméstico. Del caudal de agua dulce que puede haber en una empresa o una industria.

-A existencia de equipos nos terreos, hoxe xa propiedade da Nuclear, e agora esto da concesión das augas parece indicar que, mais tarde ou cedo, a central hase facer? ...

-Bien... yo ya no puedo anticipar. Eso si que sería pedirme ahora a mi que adivinase el futuro... verdad? ... yo lo que se es que, hasta ahora, alí, hay unos observatorios meteorológicos, un sísmógrafo y toda una serie de aparatos para medir toda una serie de cosas que exigen en toda central en los períodos provisionales.

Tendrán que estar suministrando unos datos periódicos y regulares, verdad, para hacer un estudio de todas esas condiciones que son previas a la instalación. Pero no tengo

crónica política

Estáse ditaminado no Congreso dos Diputados o proxecto-lei do "Estatuto del Trabajador", auténtica mostra das intencións descaradas de reforzar aínda máis as proposicións da grande patronal e dos monopolios capitalistas, por parte do Goberno, elaborando textos legais, desenvolvemento da constitución, que deixan totalmente desamparados aos traballadores. A máis cínica alternativa anti-social estáse abrindo paso "democraticamente", coa colaboración do PSOE e da UGT, que tiñan acordado coa CEOE (representante da gran patronal española) aspectos sóbor dos expedientes de crises das empresas, aceptadas agora pola UCD no Estatuto. O silencio abstencionista do PCE nalguns temas evidencia que a súa oposición ao proxecto non é tanto á súa filosofía de fondo como a súa plasmación formal, realmente senguíñenta.

Resulta, por exemplo, especialmente alarmante a enumeración que se fai no artigo 43 encol das causas para suspender un contrato laboral por parte da empresa: incapacidade laboral transitória e invalidez provisional de liberdade mentras non haxa senténcia condenatória, suspensión de suerdo e emprego por razóns disciplinarias, exercicio individual do dereito de folga, peche legal da empresa. Efectivamente, conténplase tamén o peche legal da empresa, sen garantía algunha de que, baixo esta fórmula, se estexa entregando unha carta en branco para que os empresarios se desfagan dos negocios que, por diversos motivos, non lles interese conservar, temporalmente ou definitivamente. Aínda enriba enuméranse normas de carácter especial para a extinción do contrato de traballo. Sacralízase definitivamente a inestabilidade no posto de traballo e o despedido libre dos traballadores por meio de moitas vías legais, a capricho e comenencia dos empresarios.

Esta agresividade cos traballadores recibe módicas rectificacións de parte do PSOE, con paliativos como o de que as indemnizacións por despedido sexan de 30 días por ano e de que o subsidio de desemprego abone o 100 por 100, enmendas que nen sequer lle son aceptadas. No fondo hai o máis espantoso dos consensos, que agoira o empeoramento da represión social e laboral das clases traballadoras do Estado español e as organizacións políticas e sindicais realmente opostas á democracia dos monopolios e do imperialismo.

EN DEFENSA DO ENSINO ESTATAL

Notábel eco tiveron as manifestacións, convocadas pola Asamblea de profesores do Ensino Medio Estatal en toda Galicia, para defender o ensino estatal e declarar a aberta oposición ás subvencións ao ensino privado. Respecto do ensino, estamos asistindo á máis escrupulosa aplicación da filosofía constitucional nesta materia, elaborada non só pola UCD senón tamén polo PSOE-PCE. A intención de

desprestixiar e destruír o ensino estatal non é só de UCD, senón tamén da esquerda española, con pretextos diferentes, empeñada en que os fondos públicos se invirtan no que eles chaman "escola pública": escolas de patronatos, de institucións sociais, que non sexan só relixiosas e de dereitas, xestionadas "democraticamente", ou ben o actual ensino estatal recovertido en centros xestionados privadamente (asociación de pais de alumnos, sindicatos, claustro de profesores...), incluso no acceso do profesorado (contratos laborais), no modelo educativo a impartir, etc... O caso é iren en contra da socialización real, representada por un ensino único, homologado, igual, laico, que só unha planificación e xestión do Estado pode garantir, sen excluir a necesaria democratización interna dos centros e un adecuado control social. Este é o único ensino realmente libre tanto para alumnos como para profesores. Non ten nada de raro, pois, o silencio e boicot do PSOE-PCE ante as manifestacións devanditas, efectivamente anti-constitucionais, por xustamente progresistas.

cambeou o noso teléfono

anote o novo número

GRACIAS

CARRALLO P. OURENSE PUBLICIDADE

235400

resumes

ENSINANTES CONTRA A PRIVATIZACION

Nas principais cidades galegas, agás Lugo por descoido organizativo segundo alguns, e má fé dalgun sindicato segundo outros, levouse adiante o día 6 unha xornada de loita en prol do ensino estatal e en contra das subvencións que o Goberno xa ten anunciado concederlle ao ensino privado. A convocatoria era da Comisión de Mestres do Ensino Estatal, e estivo apoiada en todos os casos pola UTEG-ING e máis ERGA en boa parte deles por CC.OO., SGTE, etc. con participación explícita nuns casos e sen pronunciamento orgánico noutros. A participación a nivel nacional pasou dos 4.000 afectados, e nas diferentes manifestacións denunciouse o deterioro do ensino estatal como obxectivo da política educativa do Goberno español, as subvencións ao ensino privado, coreándose consignas como "Ensino estatal, ensino social", e "Ensino estatal, garantía de liberdade".

OS ESTUDANTES QUEREN CLASE

Luns día 5, por fin empezaron as clases na Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación compostelana, apos que os estudantes chegaran a pechase reclamando o seu dereito docente. Segundo os educados, o problema ven de vello e baséase nun enfrentamento caciquil entreo Doutor Seoane, director do Departamento e agora Sección de Psicoloxía, e o Doutor Balbás, director do Departamento de Filosofía e actual Decano da Facultade. Os enfrontamentos pessoais dos dous profesores, arredor do Decanato primeiro, e decantado este, dunha "ampla autonomía" para a sección de Psicoloxía despois, xa tiña producido trastornos académicos dabondo o curso pasado, chegando no comezo deste, co pretexto de falta de dotación profesoral, a levar tres semanas do período lectivo sen empezar as clases na Facultade. Perante isto, a organización ERGA convoca unha asemblea de Facultade e peche posterior, que, apenas encetado, conseguía a promesa do Decanato de comezo do curso, comezo que se verificaría na semana seguinte.

CONTRA AS REGULACIONES

Domingo 4, levouse adiante no Grove unha manifestación protesta polo despido de vinte e pico traballadoras dunha empresa da Conserva. A manifestación, co apoio exclusivo da ING, contou coa participación de máis de 1.500 persoas e o apoio explícito de numerosos delegados sindicais e Comités de Empresa. A ING denunciou as trabas postas polo Sindicato das CC.OO. aos seus afiliados para se solidarizaren, "chegando a convocar unha asemblea de CC.MM. á mesma hora".

PUNTOS FUERTES
FICHET

CONCESIONARIO SIDese
para Ourense e provincia
Galerías Roma, tda. 5
Progreso, 95
Tif. 231706 - OURENSE

FRANCESCO

MONTAXES
FOTOGRAFICOS
Fotocopias a 1 peso
GALERIAS ROMA
Progreso, 95 - Local V
OURENSE

FENE

PC, PSOE, UG: NEN SI, NEN NON

Na verdade, o municipio de Fene está no candieiro da política municipal e até se fala de crise, crise que veu da man do enfrontamento entre os grupos PC, PSOE, UG por unha banda e o BNPG, pola outra, sobre o apoio ou non do devandito Concello ao Estatuto "millorado". Así pois, derrotada a moción presentada por segunda vez polos primeiros estes deciden "quitar ao Concello da crise na que está" elaborando un programa de acción municipal —o anterior ten vixencia até fin de ano— e consultando con entidades cidadans (Asociacións de Viciños, Culturais, deportivas, APA...) nunha asemblea que tería lugar o día 1. Tamén, e en resposta a unha roda de prensa dos defensores da autonomía, o BNPG replícalles acusandoos de non ocuparse das súas comisións municipais respectivas, de non aparecer polo Concello —caso dos sres. Chaqueiro do PC e Balado do PSOE— e de ter folgos este último de decir na Diputación "os do Bloque son profesionais do paro".

Na asemblea do 1, tanto o PC, PSOE como UG o primeiro que deixan caer e que non van contra ninguén "Vimos a tratar certos problemas a nivel de Concello e non se trata de pedir a morte ou pegarlle a ninguén. Todos sabemos o que temos que facer pois o problema non é novo", dixo Aneiros do PSOE. José Piñeiro do PC, do seu CC a nivel galego, comezou dicindo algo parello "non nos debemos poñer uns contra outros, isto é desviar os tiros". Os tiros non os desviou, abofé, o Sr. Aneiros

cando dixo nada máis empezar a asemblea "o problema é que parece que hai un grupo que está contra outro e que ten, esperamos que por moito tempo, ao alcalde". A súa vez Carlos Neira dirixente do POG e de CC.OO falando en representación de UG quixo segundo él, globalizar nunha pequena disertación e pontificou: "Fene é un Concello, un dos poucos, de Galicia, con máis predomínio de esquerda, pese a que algun grupo negue iso de dereitas e de esquerdas que é unha división

real. Polo tanto ten que haber acordo para obter maioría. Esta non existe. O Bloque está no centro. Nos queriamos gobernar todos xuntos pero o Bloque non quixo. Os tres aquí presentes temos a maioría no municipio e non soupemos aplicar esa maioría. Agora con ou sen outros partidos, e estes tres partidos que somos maioría imos gobernar o municipio".

ALGO SE FIXO, NADA SE FIXO

En todas as intervencións dos partidos presentes na mesa, se trataba de aclarar que o que se fixera no Concello era un logro de toda a Corporación e non de ningún grupo político, e que era lamentábel que un grupo —BNPG— tratase de capitalizar o caso do ensino. (Sobre este tema remitímonos o núm. 75 de A NOSA TERRA).

Volviendo á asemblea do 1, só se falou de dúas comisións presididas e levadas por concellais do BNPG e que na realidade segundo testemuños son as dúas únicas comisións que funcionan no Concello, aínda que, segundo Lito de UG, poden funcionar "porque teñen técnicos —como arquitecto e aparelador— e xa tiñan unha traxectoria de antes, as outras comisións non teñen técnicos e non teñen nada. Sanidade, cultura, deportes é difícil montar algo cando non

hai nada. Houbo xuntas con entidades cidadans e vimos montar algo. Hai comisións que son difíceis de poñer a andar porque non teñen asesoramento".

Das demais comisións presididas por membros de ditos partidos non se falou porque o programa mínimo de acción municipal está aínda por entrenar e no colóquio do final botábanlle culpa ao Bloque porque "se gastaron 8.000.000 no ensino que debería pagar o MEC e non o fixo. Agora non hai cartos e necesitamos presupostos extraordinarios" dicitia Cagigao membro do PC.

Tras repetir que o problema da crise pasa por reunirse coas entidades cidadans, —dito varias veces— e que a partir de agora son os tres partidos e serán os que gobernen, entrouse nunha roda de preguntas.

O ROSARIO DA AURORA

Da maioría das asociacións presentes sobranceaban aquelas nas que o PC ten presenza. Pero non conseguiron que as asociacións presentes fixeran corpo único contra o alcalde, e como nos declararía un dos presentes: "As preguntas que ali se facían eran con ese fin, e moitas das veces descoñecendo o mecanismo de funcionamento dun Concello que os da mesa non trataban de aclarar, polo contrario demagógicamente terxiversaban e mesturaban para que o cabreo fose maior. Así por exemplo José Piñeiro do PC en vez de deixar claro que unha cousa era unha moción por escrito e outra cousa moi distinta era un punto do orde do día, confundeu todo para que así dese a sensación que o alcalde deixaba falar do que él quería e cando quería".

Comezou o PC por boca de un militante seu dende o público representante da AA.VV. de Perlio profesándose "ciudadano español, nacido en la región gallega y más concretamente en el municipio de Fene". Logo de gabear a os partidos que presidían dixo "está xustificada a vosa labor municipal. A eses do Bloque, esos galleguitos ceibes eu non os conozo pois se dicen cidadans de outro país. Quixeron ofrecer ao pobo o que non era verdade".

Para rematar este acto puxo punto final o Sr. Cagigao representante do PC militante sobranceiro de tal partido e membro do seu CC a nivel galego, cando dixo que el tamén participara na confección do programa do ensino a levar adiante como membro dunha APA. O cal foi rexeitado por membros e directivos de tal APA que se atopaban na Asemblea decíndolle que non sabían que fose membro de tal APA. Diante de tal descaro formouse un grande barullo e para poñer orde Carlos Neira do POG, cal alcalde, dixo que como se montara outro "murmullo" máis levantaba a sesión. E xa non dixo nada máis porque máis da metade das asociacións se levantaron e se foron quedando...

carta entreaberta

MESAS RODANTES

Querida Directora:
Esta vez vai de paridas e por partida dobre municipal e autonómica. E de ver a proliferación de ilustres persoeiros que fan declaracións e nos aloucan con novedosos eventos.

Resulta que o periódico de Lugo anda sumetendo ós concellais da milenaria cidade en que habito a unha encuesta ou enquisa que se chama "cuestionario Marcel Proust". Deixando aparte o do cuestionario, que tamén é un parto dos montes pra percura do tempo perdido que manda truco, o don Enrique Disdier da Vila deulle unhas contestacións moi agradadas. Este Disdier o tres de abril saíu concellal polos "Independentes por Lugo" —afíns á dereita tradicional—, e o dous de outono, cheirando secadra a desfeita dos seus antigos confrades, saíu outra vez, pero polo Pesoé. Así calquera canta as corenta.

Pois segundo o meu señor don Enrique, a el goréntalle que a muller teña comprensión e beleza, o seu soño de felicidade é un harén oriental e o feito que lle inspira máis induliencia é a luxúria. Que paraíso pra un psicoanalista! Eu non sei polo que será que estes días vénme moito á memoria un verso dun poeta estranxeiro que di "se canta lo que se pierde". Pero o que máis me chamou a atención súp os "héroes da vida real"



do ilustre rexedor, presentamente socialista: Xesucristo e Juan Carlos I. Manda carallo!
Manda truco tamén con don José Quiroga Suárez, presidente da Xunta, que aproveita as abstrusas discusións estatutárias pra largarnos unhas declaracións sen desperdicio polo intermedio da Axencia EFE. O inclito presidente declara, supoño que sen poñerse colorado, que lle alumou unha luminosa idea pra reducir a abstención no referendo estatutario. E e que entre o si, o non, o secadra e o quen sabe, ándanche todos botando leña ó forno do cerebro a ver se saí algo máis ca fume.

O don José Quiroga —mira que cando o mercamos...— di que a solución é poñer mesas rodantes en autobuses pra que os labregos poidan botar o voto sen problema, e as amas de casa tamén. Dicíame o noso amigo Díaz: "e despois din que Galicia non é un país de

Se esto aínda nen se lles ocorreu en África". O Díaz, xa sabes, e algo coñón.


A mín, de todas as maneiras, a idea párceme estupenda. Así, ós interventores pódese dar un plus de transporte, outro de distancia e, en habendo neve ou xeadas, outro de perigosidade. Por outra banda, aforrará os gastos de autocares dalgun partido, e ademais é a aplicación práctica máis brillante que teño visto da vella filosofía de Maoma e da montaña: se os votantes non van ás urnas, levémolles as urnas ós votantes. Mágoa que a industria de plásticos do país non permita aínda facer unha urna pra que cada familia a teña na súa casa e a use nas ocasións.

Como contribución desinteresada á gloriosa idea de don José, eu aconsellaríalle un helicóptero con urnas pra que fose recoller o voto dos mariñeiros galegos que están faenando no mar, e un tren especial que, collendo o eixo Alemaña-Suíza-Francia-Cataluña-Euzkadí, captara o pronunciamento estatutario dos emigrantes. E se, un supoñer, cadra a votación no tempo en que as anduriñas —simpáticos paxaros preferidos de don Enrique Disdier— están en África, mandarlles aló un globo (pra que non se asusten co ruído) cos mesmos fins, pois é impensable que tan simpáticas aves non refrenden co seu voto tan importante papelório.

37 anos, doutro en Pedagogía, inspector Técnico de EXB con destino no Instituto de Ciencias da Educación de Santiago. Novo, de maneiras abertas e traza máis deste tempo que o recién dimitido, o novo Secretario Xeral do Partido Galeguista diríase o espoñente dese "cidadán da clase media baixa" que o Partido teima atraguer a corto prazo, segundo el mesmo declarou. Rifírese arreo á nosa "nacionalidade", a pesares de que "non programa do partido falamos de nación", e "por non ser especialista", no se atreve a definir sobre entrada ou non no Mercado Común, modelo económico a propugnar... anque "penso que estaríamos máis perto dunha economía de libre mercado". Non desbota unha estabilización social do bilingüismo, cré na autonomía e deslindase con ben coidado das posturas independentistas, anque "¡Qué sei eu o que pode pasar mañá!"

LUIS SOBRADO

"Non sei... necesaria dos estatutos"



Fotos: XURXO FERNANDEZ

detrimento de aspectos de gandaría, pesca, agricultura. O que acontece tamén é que eu non son experto en cuestións de gandaría, pesca... O que nós pensamos como partido a nivel político é que en todas as negociacións do Estado con respecto ao MCE debe estar presente o autogoberno galego. Tampouco no noso partido adoptamos ningunha postura de



cara a OTAN. Implicarse en calqueira sistema diste tipo sempre supón problemas. Nese sentido o noso partido é pacifista.

Convergencia i Unió e o PNV veñen representar as respectivas burguesías nacionais, ¿coida o P.G. que existe unha burguesía nacional galega?

En Galicia hoxe hai un sector minoritario de tipo burgués. Creo que non son homologábeis as burguesías de Euskadi e Cataluña nen tampouco connosco. O PNV é un partido que se apoia moito na zona rural e na pesqueira. Por outra banda, o nacionalismo catalán está apoiado por unha clase media lata. En Galicia a burguesía é moi minoritaria en relación ao conxunto da poboación. Refrómese á burguesía nacionalista. O sector que pode apoiar ao P.G., a corto prazo, é unha clase media, media baixa, funcionarios, obreiros especializados e tamén o partido quere chegar ao agro, porque nun partido nacionalista o fundamental é tratar de defender aquelas clases populares onde se sinta máis o nacionalismo, os mariñeiros e, aínda que nos vai costar

Desde a súa posición profesional, ¿cómo ve o Ensino Estatal?

No Congreso que vimos de ter definímonos pola escola pública. Estou en contra do sistema de subvencións polo que supoñen de minusvaloración do ensino estatal. No caso concreto de Galicia hai máis ou menos un 30 por 100 de centros privados e un 70 por 100 de centros estatais. Os centros privados situanse nas cidades, nas zonas onde poden pagar os pais, mentras que a estatal está un pouco a remolque da privada. Non existe esa liberdade de ensino da que se fala. Eu non estaría en contra, por exemplo, dalgún dentro privado con carácter subsidiario nalgunhas zonas de subúrbios, si fora de tipo remedial, sempre que o Estado non poidera chegar, pero partindo da escola pública. A escola pública non tén porque identificarse necesariamente con escola estatal. A escola pública é a que está financiada polos poderes públicos. Dada a situación real, admitimos a existencia de centros privados pero podendo haber un control forte por parte do Estado.

E o recién decreto-lei de bilingüismo, ¿axéitase a nosa realidade?

É un decreto moi recortado, moi limitado que, por exemplo, non recolle a problemática da educación especial, que tén unha chea de limitacións de tipo intelectual, personal... Tampouco se refire ao ensino en galego, o que fai é recoller o galego como unha asignatura. Eu estiven nas distintas comisións redactoras do decreto e parece-me grave que non se recolla o problema dos emigrantes dos fillos de emigrantes galegos e que non haxa posibilidade de destinar mestres, cando actualmente hai uns 800 fora. En Galicia hai un bilingüismo onde as dúas linguas non están en condicións iguais. É un bilingüismo de tipo diglósico. A nivel personal pódese falar de dúas linguas, unha de prestixio, que é o castelán, e outra que hastra de agora ocupou unha categoría inferior, que é o galego. Tamén penso que a nivel teórico se poden manter dúas linguas no seo dunha mesma sociedade. A nivel práctico sempre haberá unha que teña máis prestixio, maior valoración de tipo social como ocorre en Galicia, en Québec, Suíza ou Bélxica. Nós apoiamos a cooficialidade, xa que admitimos a Constitución.

¿E o seu o Partido Galeguista de Dereitas polo que claman certos sectores e círculos políticos?

Nós, no Congreso, dixemos que os conceptos de esquerdas e de dereitas non sempre funcionan como tales conceptos. O concepto dereita-esquerda non é aplicable sempre os partidos nacionalistas. Hai as mesmas

razóns pra encasillarnos nas dereitas ca nas esquerdas. Todo depende de óptica de onde veña. Coalición Democrática dixo nunha emisora madrileña que nos somos un partido separatista, ¿non?, e para Bandeira Roxa seguramente si somos de dereitas. Somos un partido nacionalista, profundamente democrático, de feito os Comités locais e de zona teñen un protagonismo moi importante, somos progresistas, nen reaccionarios nen conservadores, e interclasistas.

Nembargantes, as relacións do P.G. con certos sectores da UCD aparecen máis ben cordiais, ¿é que hai coincidencias grandes, ou asuncións parciais de programa?

Habería que preguntarlles a eles. Nós vemos comportamentos distintos dentro de UCD; verbo do Estatuto, Cabanillas e Pérez Puga amosaron unha postura moi belixerante. Quintás, Pardo Montero e incluso Rosón tiveron unha postura moi constructiva, a pesares de que hai connotacións históricas que diferencian a unha persoa coma Quintás ou como Rosón, que tén un pasado moi concreto e conocido de todos.

¿Qué tipo de nacionalismo é o do P.G.?

¿Como qué tipo?

¿Qué é o P.G. o nacionalismo?

Un reencontro coas nosas orixes, tradición, historia, cultura, lingua. Utilizar moldes alleos non sempre é válido. Polo feito de que un determinado sistema social, económico, trunfe nun momento histórico nun país, non ten por qué aplicarse en todos os países e tempos. Evidentemente, hai diferencias entre o nacionalismo de Quebec, Bélxica, Galicia...

¿Propugnan algún tipo concreto de modelo económico?

Non són especialista no tema económico. Non é por escorrer o bulto. Non teño aquí a ponencia que se discutiu no Congreso, e entón, deixarei sin contestar a pregunta porque teño medo de meter a pata. A nivel personal poido dicir que estou a favor do Cooperativismo; ¿de economía planificada ou de libre mercado?, non me astrevo, pero... máis ben de libre mercado.

Tocante á integración na CEE e na OTAN...

O partido non entrou na análise profundo disto. Eu agora non me atopo en condicións de emitir un xuício sobor do tema. A nivel personal poido admitir a entrada na CEE sempre que haxa unha planificación e non vaia en

mais, ao obreiro industrial.

¿Qué pensa da política das forzas españolas en Galicia?

¿Dos partidos centralistas?, que tratan de repetir en Galicia a política que levan no Estado. No é o mesmo comportamento do PSOE e do PCE no País Basco ou en Catalunya que en Galicia. Son máis formalmente nacionalistas. Galicia tómasse como unha nacionalidade de segunda categoría.

¿A qué vén a reencarnación que vós afirmades representar do vello PG?

Polas circunstancias que coñecemos, o galeguismo emigrou. Os que quedaron aquí plegáronse a un movemento de tipo cultural, pero sen existencia política... O noso partido trata de vencellarse á filosofía básica do P.G. clásico, pero non somos un partido nostálgico.

Pero hai forzas galegas que tamén se reclaman herdeiras do vello P.G....

Partidos de tipo marxista como o POG, PSG, partidos de clase que queiran relacionarse co vello galeguismo... ben... no que suón do nacionalismo. Pero o vello P.G. non era marxista. Castela era un home autonomista pero nunha liña de autogoberno clara. Era un nacionalista de primeira clase.

¿Vai solucionar o Estatuto o problema nacional galego?

Pra nós a autonomía non é o oxetivo último. Nós queremos chegar a un Estado Federal ou a unha Confederación de Nacionalidades dentro do Estado. Coidamos que o futuro Parlamento galego tén que ser pluripartidista. Sería moi grave que o Bloque, o PCE ou os partidos nacionalistas non tiveran representacións no Parlamento.

Castela reclamaba a autodeterminación e a soberanía, definiase antiimperialista ¿é vós?

A autodeterminación xa figura nos nosos estatutos. Si por cuestións de estratexia nos interesara solicitala ou non, xa sería outro problema. Antiimperialismo ¿de qué tipo?, ¿político, económico...? Estamos en contra de todo o que seña dictadura, monopolismo de tipo económico, político. Nos estatutos non sei si se recolle ou non a verba antiimperialista...

¿Como entenderías a soberanía de Galicia?

Que existira un auténtico autogoberno galego que poidera gobernar e dirixir a nosa Terra daccordo coas necesidades e aspiracións do pobo galego, no camiño dun Estado Federal. Penso que a soberanía nacional, como concepto independentista, na situación actual non sería unha actuación positiva.

XOSEFINA L. CORRAL
X. M. GONZALEZ

resumes

QUIÁN (A GOLADA): As desventuras dunha pista onde apareceron dous "típicos"

O CONSENSO

PSOE e UCD aprobaron por unanimidade, xunto con CD, o reducir a 70 os parlamentarios galegos nas institucións autonómicas, asimismo, quen non chegue ao 3 por 100 da totalidade do censo electoral non poderá ter representación parlamentaria. Curiosamente esta disposición, que, certamente, tenta consagrar o bipartidismo en Galicia, é a máis criticada polos partidos integrantes de Unidade Galega, esquecéndose un tanto dos seus "inamovibéis" 16 puntos.

VICTORIA ARMESTO. AO PARTIDO GALEGUISTA

Doña María Victoria Fernández España, señora de Assia (D. Augusto) deputado de Coalición Democrática pola Coruña, onde é unha das propietarias de "La Voz de Galicia", vicepresidente do Congreso dos Diputados, ten sido obxecto istos días dun rumor recollido na prensa local, consistente en que pronto entraría no Partido Galeguista. O mesmo rumor decía que probabelmente os Sres. Rivas Fontán, alcalde de Pontevedra (UCD); Víctor Moro, concellal de Vigo (UCD); Antón Rosón, Senador de Lugo e ex-presidente da Xunta (UCD); Pardo Montero, Senador de Lugo e Conselleiro da Xunta (UCD); Yebra Martull, deputado pola Coruña (UCD), entre outros, seguirían os pasos da Sra. Fernández España.

FASCISTAS EN SANTIAGO

Ao remate dunha manifestación en pró dun proxecto de divorcio elaborado por organizacións feministas e apoiado por diversos partidos políticos, uns mozos facendo saúdos fascistas e insultando aos manifestantes, remataron por lanzar varios cócteles molotov contra os manifestantes, ferindo a unha rapaza; a policía practicou catro detencións, un dos detidos foi unha vítima "por contestarlle á policía". Ao día seguinte foi destruído o posto de Fuerza Nueva na plaza do Tossal. Os detidos foron postos en liberdade polo xuez.

O ABOGADO DA UGT DE OURENSE

Tuvo que ser desalojado da sede desta Central pola policía, a petición dun dos líderes do sindicato, o abogado acusou a un dirixente sindical de telo amenazado de morte e que o seu contrato non remataba hastra fin de ano.

OS AXUNTAMENTOS DE CANGAS E DE MARÍN VOTARON CONTRA A POLITICA ECONOMICA

A raíz dunha proposta dos concellales do Bloque, foi curiosa a votación de Unidade Galega en Marín, un concella votou a favor, outro en contra e outro abstívose.

QUEIMAN O COCHE DO DIPUTADO DE OLEIROS

O Sr. García Seoane concellal dese Axuntamento e Diputado Provincial pola Candidatura dos Veciños sufriu este atentado, despois de ter recibido varias amenazas. A causa venna algúns na decidida acción anticaciquil no plano urbanístico e na loita contra a especulación que se ven levando neste Concello.



As catro casiñas da aldea de Quián, na parroquia de Carmoega, concello de A Golada (Pontevedra), non deberon figurar endexamáis en ningún mapa xa que así llelo dixeron aos veciños na delegación do IRYDA en Lalín cando éstos foron reclamar unha pista en xusta compensación por ter donado moitos ferrados do seu monte do Batán para a nova carretera que vai comunicar a parroquia de Brántega coa vila de Lalín. "Sabemos que existe Quián porque vostedes nolo din agora, nós non sabemos nada..."

O certo é que das conversas que os veciños tiveron co enxeñeiro encargado das milloras nos camiños rurais, quedouse en que a pista íase facer..., ao que os veciños esixiron pedindo por escrito (xa a palabra dun home non é un documento) que a pista tería que ser feita conxuntamente coa carretera e coas milloras que levara ésta. Nos primeiros días de xaneiro deste ano os veciños asegurábanse de ter presentado o tal documento, non fose ser... Pasou o inverno, pasou a primavera e chegou o vran. No mes de xunio, os veciños voltan por Lalín para recordarlle ao IRYDA a esplanación da pista; as conversas co inxeñeiro encargado sempre cordiais, dan pé a cavilar que non vai haber engano. Pasa un prazo posto para empezar a esplanación. Dali a uns días pasa outro prazo; e a pouco tempo —xa coas palas pasando por diante dos fuciños e sen facer caso dos de Quián— pasa o outro. Na metade do mes de agosto os veciños marchan por derradeira vez cara Lalín para dar aviso de que eles non son parvos nen siquiera nenos. A conversa cordial co inxeñeiro dalles outra vez confianza ao tempo que os avisa de que o tramo total de pista de acceso non vai poder facerse este ano por falla de presuposto, co que non se contaba ao ser Quián descoñecido. Os veciños aceptan que se fagan os seiscentos metros siquiera por este inverno e voltan seguros de que aquel home vai cumprir co derradeiro prazo. Mais velaí que o enxeñeiro, co que se negociara todo en son de amigos, váise de vacacións e deixa no seu lugar —e polo tanto coa responsabilidade da pista de Quián, é de supor, —a outro personaxe: UN TIPICO destes tempos que decorren na nosa nación; visitador de parroquias; home afeito a convencer polas boas; paternalista; dacabalo dun Land Rover vai even, segundo ten sabido A NOSA TERRA, de home bon dun lugar para outro

na zona de Lalín. Total, que o home ten certa sona polas parroquias e o seu método xa lle ten custado máis dun escarmento —segundo as súas mesmas palabras "xa algun máis me ten dito que me vai botar fora do IRYDA e aínda estou aquí", espetoulle a un dos veciños de Quián con toda a xenreira.

Pois ben, este TÍPICO apareceu un día por onde os veciños de Quián —e despois que éstos puxeran dúas pancartas anunciando ao público que eles querían a pista ao ver que xa se estaba a empedrar acarretera e os camiños pasaban e repasaban polas terras dos veciños como se nada— noutro dos seus tons típicos, pero pola brava, claro. Chegou á aldea e atopouse cos veciños cheos de facer o parvo indo e vindo a Lalín para nada e dispostos a seren eles e as súas razóns, por riba de todo. ¿E sabedes o que fixo o típico? Pois púxose no poleiro da súa fachenda e tiña máis que dicir que ninguén: "déixese de contarme películas, señora"; "vostede non di máis que parvadas"; "xa que leva oitenta e catro anos pisando lama, ben pode seguir pisándoa...". E, xa polo outro día, un dos veciños, segundo ten sabido o noso periódico, dicía que ali aquel día "fomos todos pouco homes, senón ese tipo non salía dali co coche".

Dous días despois —segundo poido saber tamén A NOSA TERRA— os veciños das catro casiñas de Quián botaban a andar todos xuntos despois do xantar cara as terras polas que os camiños seguían a carrexar pedra para a carretera devandita sen compriñense os tratos que eles tanto e tanto pediran. Durante dúas horas e media pararon no monte do Batán a catro camiños carregados e dúas palas. O ton amistoso dos obreiros da Empresa que contratou as obras fíxose patente e razoábel, agandando todo ese tempo a que chegara o Encarregado Xefe, O OUTRO TIPICO, que baixou do seu coche como vai un lobo cara as ovellas. Os veciños non se arredaron e ergueron a voz das súas protestas; pouco a pouco o segundo típico ía amainando até chegar a dicir que "baixo a miña palabra, e xa que vexo que teñen toda a razón, eu comprométo-me a que mañá ás once vañan comigo os do IRYDA e compran co que teñen prometido; eu xa sabía que lles tiña que facer unha pista, pero non sabía cando...; agora o que teñen que esixirille é que llela asfalten". As doce da mañá do día seguinte chegaron a Quián os dous típicos e outro funcionario do IRYDA. De



súpeto dixo o primeiro típico que non se tiña que ter feito tanto barullo, que xa se ía facer "aínda que o IRYDA non tiña por qué facer esta pista, eu prométoles que se fará até ali abaixo". Daquela, un dos veciños que non estivera presente cando o do outro día das bravocadas, pedíulle ao primeiro típico que se identificase como o que chamara e tentara intimidar aos seus compañeiros uns días antes; cousa que xa alporizou ao típico e dirixíndose ao vello dos oitenta anos, berráballe "¿dixen eu iso, a ver, diga aquí diante de min se dixen eu iso?"; e cara aquel a quen seica decía parvadas: dixenlle así porque vostede falábame da política; e eu cando traballo non fago política...". Entón foi cando un dos veciños recordoulle que "como promotor dunha das listas municipais para o concello da Golada, non debere vostede, meses despois, vir a Quián, onde esta xente que quizais até lle deron o voto ao nome desa coalición chamada galega que non merece nen do funcionario que poida ser do IRYDA nen do promotor político, un trato tan pouco respetuoso de siquiera mínimo; e, dígdlo aquí xa, hei dar conta a algúns amigos que poido ter eu nesa coalición do comportamento que vostede tivo aquí con estes labregos". ¿E queredes saber o que dixo agora o típico? Pois velaí vai: "o que tí poidas pensar ou dicir de min pásoo por debaixo dos collóns...". Catro veces, catro; namentras alcendía o Land Rover e íase cos outros dous por Quián pare riba. E os vellos do lugar, os rapaciños, as mulleres... ficaron apampanados do moito e berri que sabía falar aquel home típico.

Dous días despois do feito, unha pala da Empresa Escavaciones Díaz, de A Rúa (Ourense), empezaba a abrir por Quián abaixo o que debere terse feito sen nengun barullo, como amigos, como sempre quixeron e agardaron os veciños na súa totalidade. Durante as obras, os obreiros da Empresa fixeron os traballos con todo o cariño que sabían e podían. Tendo en conta a grande encosta do trazado cara a aldea, os veciños agardaron agora, aínda adiantando ou pagando de seu os traballos, que se lle dese remate ás obras cun rego de alquitrán levanciño, aproveitando que as máquinas xa estaban ali no cruce do acceso e deixaríase ben feito o piso para durar moitos anos, en vez de terra, que levan as augas da invernia e na primavera ben poden estar as pedras ao

descoberto e as vacas non poderán andar pola pista. Eran as previsiós que facían os veciños, coidando a amizade do Encarregado Xefe para estas obras, de Excavaciones Díaz de A Rúa. Pro entón é cando aparece, tamén o segundo típico por Quián, no seu coche, face de poucos ou nengun amigo e dísecamente, con chulería: "eu non lles vou botar o asfalto, xa poden ir buscando outra empresa, que hainas por Lugo, Ourense, a Coruña...".

De nada valeu que na mañá do día seguinte unha comisión dos veciños viaxase a Pontevedra para falar co Delegado do IRYDA, espoñéndolle o caso, e ao que o Delegado dixo: "Yo no tengo inconveniente en que se asfalte: es más, veo justas sus pretensiones y más si no hicieron falta los cameones para arrancar la tierra; pero, dense también cuenta de que es la única pista que por ahora se hizo en ese tramo y que hai pistas ahí para veinte años...; no obstante hablaré con Lalín ahora mismo para darles mi consentimiento. E así foi, falou por teléfono diante dos veciños e ao rematar dixo: me dicen que ya se hizo un esfuerzo para meterla en el presupuesto; pero que, desde luego, ahora salen para Quián a ver aquello y hacer que muy posiblemente se asfalte". Eran as dez da mañá e cando os veciños chegaron á súa aldea, ali non se vira ninguén que mandase asfaltar os seiscentos metros da pista encostada. E pola tarde chegaron os camiños de terra para cubrir o empedrado.

Días despois baixaba por Quián abaixo un coche pitando. Sairen uns poucos veciños para ver qué pasaba. E o Encarregado Xefe de Excavaciones Díaz, baixouse só para dicir: ¿qué, están agora contentos?; pois se non se asfaltou a pista foi polo cantamañás ese dali de abaixo, que é tan sabido, e máis polo outro... Era a senténcia do segundo típico. Como se ve, na nosa Galicia aínda andan por parellas.

Ben quixeramos que alguen vencellado ao IRYDA nos dese en A NOSA TERRA unha posíbel explicación destes casos, repetidos e silenciados cecáis polo favor ou polo medo a eses típicos tan nefastos que aínda seguen campando pola súa grandeza. "Ollannos vestidos de lan e coidan que somos ovellas"; berraba un veciño. Un sábado, polas doce vellas, cumpráselle o antoxo ao máis antigo do lugar: "quero que se bote unha dúcia de bombas, polo noso esforzo e pola nosa terra".

X
Veito
PONTEVEDRA
SOPORTAIS DA FERRERIA, 4

O PROGRAMA ECONOMICO DO GOBERNO

¿Que vai supoñer pra Galicia?

Deixando a un lado aspectos formais, non por iso carentes de sentido político, respecto de si o PEG aprobouse no Parlamento coa oposición meramente formal e demagóxica, ou pola contra taxante e intransixente da oposición española, o que compre deixar moi claro é que se aprobou un documento ideolóxico e non un documento técnico-económico, no que sen engun tipo de tapuxos, deféndese e ensálzase a "Economía libre de mercado", a non intervención estatal, a necesidade dun "novo" marco de relacións laborais, os topes salariais, maior liberalización para as institucións financeiras e unha forte contracción e privatización do Sector Público, sen que isto último leve aparelado renunciar ao principio de subsidiariedade en materia de Empresa Pública, o que significa que o INI seguirá a ser o instrumento de socialización das perdas e de privatización das ganancias: un "Caixón de xastre" en definitiva para as empresas privadas con má administración.

Do que se trataba, era de recoller e dar corpo legal aos principios político-económicos contidos na Constitución, motivo que lle permite, non só contar co apoio e beneplácito do Gran Capital, a Gran Banca e a CEOE, os grandes ganadores das últimas eleccións legislativas, sinón tamén coa denuncia teatral, formal e demagóxica dos grupos e sindicatos españois que no seu día non dudarán en votar SI á Constitución.

Polo contrario os que votamos NON fixemolo conscientes de que os presupostos e principios que a mesma contiña en nada favorecían a Galicia. Por iso no momento da súa aplicación práctica no PEG, non nos sorprende nen escandaliza tal e como lles pasou a certos grupos políticos españois e seudonacionalistas, que no mesmo non apareza nen unha soa liña sobre temas tan cruciais e fundamentais para a nosa economía como agricultura, pesca, gadeiría etc, sobor de todo cando toda a filosofía do documento está montada en base á necesaria adaptación de todo tipo de estruturas (económicas, políticas, laborais e mesmo institucionais) hoxe viventes no Estado Español ás existentes na CEE, que non se mencione (cecais por que non existan) os "desequilibrios rexionais"; que se fale de recortar as subvencións ao Ensino Estatal, mentras aumentan de xeito descarado as do Ensino Privado ("Primarase aos país que envíen aos seus fillos ao ensino privado", verbas pronunciadas por suposto en español, polo Sr. Otero Novas); se liberalize, e mesmo privatize a Seguridade Social cujas prestacións a máis de recortarse, serán fiscalizadas máis que nunca; que non se dea máis solucións para os sectores en crise que abstractas reconversións e claras invitacións ao peche para as pequenas e medianas empresas, as que so se lles ofrece crédito privado (inada de crédito oficial!) como tal a uns tipos de interese se rentábeis para a Banca pero privativos para os pequenos empresarios por outra banda xa carregado de impostos; que se recorte o gasto público ao parecer para reducir o déficit presupuestario, e un longo etc. cuja auténtica finalidade e poñer en práctica a filosofía do Programa: FLEXIBILIZACIÓN DA ECONOMIA LIBRE FUNCIONAMENTO DO MERCADO, NADA DE INTERVENCIÓN ESTATAL.

Cando o que realmente observamos é todo un Programa de intervención gubernamental, eso sí, a favor e ao servizo da Banca, os monopolios e a gran empresa.

O PEG, apoiase para actuar en dúas importantes muletas:

-O Plan Enerxético Nacional.

-O Estatuto do traballador.

Sobre as que camiñará máis axilmente o Gran Capital, toda vez que a CEOE tamén conseguir os seus obxectivos.

-Libre xogo de oferta e demanda para o mercado interno, que significa ventaxas para a gran empresa.

-Subvencións para o comercio exterior, que significa nulos riscos e perdas no mesmo.

-Tutela do Estado para as relacións laborais e para poñer e manter os topes salariais, esto é facer o que máis conveña a patronal.

-Moratoria no pago das Cuotas da Seguridade Social, na práctica só ventaxoso para a gran empresa.

-Desgravacións fiscais para as inversións privadas. etc...

E todo isto, ¿para qué? : Para garantir e incrementar os Beneficios.

Así, fronte a crise internacional provocada polo encarecemento dos crudos, os empresarios españois invertirán o seu capital na construción de Centrais Nucleares tal e como contempla o Plan Enerxético Nacional aprobado polas Cortes. E perante a presión ou folga dos traballadores, un Estatuto Constitucional que permita, non só contratar e despedir cando conveña á patronal, sinón incluso restrinxir os dereitos sindicais, como garantía de non entorpecer nen impedir o tan necesario "crecemento da Producción".

Se o que realmente pretende o PEG e convencer aos sufridos cidadáns de que "todos" xuntos e por "igual" deben soportar as consecuencias desta "crise internacional" basa na escasez de recursos enerxéticos e financeiros e agravada no Estado Español, por deficiencias e desaxustes estruturais, dificilmente o vai conseguir, toda vez que o único que se vislumbra e: conxelación de salários e pensións pero non de beneficios, maiores alzas dos prezos, aumento do índice de parados e desempregados, nada de Reforma Fiscal progresiva e xusta, sucursais de Bancos "Nacionais" e agora tamén Etranxeiros por todas as esquinas, recortar as prestacións da Seguridade Social e xa non digamos os dereitos políticos e sindicais.

Máis se isto é así, ¿qué dicer respecto do pobo galego? ; cando o noso agró en lugar de recibir axudas e subvencións que fagan posibel a súa necesaria transformación, só recibe un elocuente silencio, sinónimo de destrución, prezo a pagar pola entrada na CEE que ademais de non consultárenos como pobo, non fai máis que perxudicarnos; aí está o trato discriminatório dispensado ao prezo de leite respecto ao de outros produtos agrarios nas últimas campañas, o Estado do leite que tanto perxudicará aos labregos galegos, a nova política gadeira e outras cousas máis como mostra dos "necesarios" sacrificios que algúns sectores terán que facer cara á negociación coa CEE.

Afirmase tamén que o sector pesqueiro vaise ver beneficiado coa entrada na CEE, xa que dese xeito poderá

disfrutar nas augas xurisdiccionais comunitarias de máis e mellores caladeiros, máis deixando a un lado que o noso problema pesqueiro non é de falla de caladeiros o que vai acontecer no período da negociación, fálase de 3 ou 4 anos, non é difícil de imaxinar destrución e desaparición da nosa pesca de baixura, carente de todo tipo de axuda e protección a máis dunha segura redución da actual flota pesqueira en as consabidas presións e cesións que sempre acompañan as negociacións.

No tocante aos sectores en crise, caso por exemplo anteriormente nada concreto se contempla no PEG, por iso como xa fai tempo anunciaba a Intersin Nacional Galega non haberá reconversión, só máis regulacións de emprego, máis invitacións aos traballadores a deixar o sector para logo convertilo en rentábel e produtivo. Aseguran que a entrada na CEE fará que os nosos emigrantes se convertan en cidadáns de pleno dereito no espazo comunitario o que, ademais de confirmar a discriminación e desprecio que deica hoxe foron obxecto, esquece un punto fundamental: a súa Recuperación para o que compre garantirles un posto de traballo na Nosa Terra.

A pequena e mediana empresa galega, maioría no feble panorama industrial galego, amais de estar acribillada por múltiples trabucos, presenta sérios e profundos problemas sobre todo en sectores como a conserva, a madeira o textil ou a pesca, para cúa solución o PEG ofreceltes un crédito caro e libre competencia; dito noutras verbas, peche e ruína para moitos galegos e lux verde para a gran empresa e as multinacionais. Como se preven topes salariais pactados e consensuados co nobel obxectivo de frenar a inflación, caerá a demanda e haberá máis privacións e miséria.

Se se recorta o Gasto Público como mecanismo de corrección do déficit Presupuestario, teremos menos e piores carreteras e camiños (xa non falemos de escolas ou hospitais) seguiremos sen teléfono e provabelmente a media lux, e xa non sonar con vivendas sociais, pois sin algo está moi claro e que esta non son as inversións apetecíbeis para o sector privado o gran amo e Señor nos próximos anos.

Atopámos sen dúbida ante un novo Programa Colonial montado co ánimo de remediar cousas que a Galicia, ou non lle interesan (entrada na CEE), ou lle sobran (enerxía e recursos financeiros), por iso entendemos que as clases populares galegas non poden seguir esperando que os seus problemas cuantitativa e cualitativamente distintos aos dos outros pobos que compoñen o Estado Español, sexan resoltos através de alternativas reformistas e españois por máis que se disfracen de "Autonomistas", e que só lle cabe erguerse e organizarse a redor do único Programa Económico-Político e Sociocultural que hoxe existe en Galicia: o Programa das Bases Constitucionais da Nación Galega de claro contido Antimonopolista e Anticolonial, capaz de devolver a soberanía política, ao pobo galego e de erguer organismos de poder político propios capaces de planificar e executar toda unha chea de medidas políticas, económicas e socioculturales ao servizo dos intereses das clases populares galegas, e non como deica hoxe ao servizo e para beneficio dos Monopolios.

MANUELA FRAGUELA SEOANE

don augusto

Por XAQUIN MARIN



OURENSE, COUTO PRIVADO DA UCD

FEUDALISMO NO SECULO XX

Días antes de despedilo de UTECO, Euloxio Gómez Franqueira, o rei do galiñeiro ourensano, e deputado da UCD, decíalle a un militante nacionalista que Ourense era unha mesa con catro esquinas nas que había sítio pra UCD, CD, PSOE e PCE e "nada máis que catro. Para o Bloque non hai lugar" remataba. Efectivamente, naquelas áreas xeográficas ourensanas onde as forzas do Bloque non están organizadas socialmente, o feudalismo da UCD é parello ao da Edade Média.

OS FURTIVOS

Desde unha perspectiva xa económica das zonas onde o control de UCD é monopolizador, oeste, sureste e nordeste da provincia, a depresión socioeconómica linda coa miséria; así o nivel económico das zonas citadas está por baixo da media estatal nun 150 por cento. Pódese afirmar que o control que UCD exerce sóbor da provincia nen deixa unha regandixa nen ten unha falta. Ao fronte da Delegación Provincial de Educación está o crego oscurantista, de negro pasado franquista e opusdeístico, Manuel Barreiro. Entre os que o cofecen non hai unanimidade, e si hai que definilo como gangster político, coma fariseo ou simplemente como persoa visceralmente antigalega e antipopular. Nos meios docentes son ben padecidos os seus famalaços fascizantes que xa eran habituais na súa xeira astorgana: peches de escolas, utilización da policía como intermediaria súa entre os Colectivos de Docentes e as Comisións de Viciños, aos que da coa porta no nariz, purgas constantes e arbitrarias entre o persoal da Delegación, deputados e alcaldes de UCD como directores dos Coléxios de EXB, etc. Na Delegación de Cultura, como marioneta do deputado Trillo Torres, número dous da UCD provincial, está, dende hai meses José Benito Vázquez Iglesias, alias Bieito Batán, arribista tan ambicioso que mesmo chegou a renegar do pasado antifranquista da súa familia. E considerado tan servil como inepto.

Ao fronte da Cámara de Comercio e da Confederación Empresarial ourensana encontreuse José Caride Cortiza, alias Chasis Escorado, proclive a abondosos créditos da Caixa de Aforros, e Emilio Pérez Nieto, fillo do Pérez Rumbao, amo do metal, da enerxía e das inmobiliarias máis ou menos especuladoras (SEAT, Finanzauto, Pegaso, Gasolineiras, Butano, Proginsa, Socesa, Almocar, etc.). O control macroeconómico por parte de UCD asegúrase financeiramente a través da Caixa de Aforros e da Caixa Rural. Esta última monopolizadora durante o franquismo e durante a "democracia" de todos os cartos destinados ao sector agrícola e gadeiro; aquela, a Caixa de Aforros, responsable de que desde agosto do 78 fosen centos os comercios e pequenas empresas que pecharon en Ourense polo especulamento



crediticio, entre as que hai que incluír a moitas do Polígono.

OS FURONS

A doma e castración da provincia exercea UCD no sector agrícola e gadeiro a través de UTECO, Cámaras Agrarias, Cooperativas e oficinas da Caixa Rural. No cumio do empolío feudal o organismo colonial por ontomíasia: a Diputación Provincial. Como presidente da Diputación está Victorino Núñez quen, pola súa profesión de secretario do concello, domina axeitadamente todos os fios da política caciquil municipal, e polo seu cargo de secretario xeral de UTECO dispón dunha visión completa para artellar a mellor defensa dos intereses económicos e políticos da UCD-Franqueira. Victorino Núñez e, sen competencia o delfín político de Franqueira, a nova imaxe da UCD ourensana, ente outras razóns porque é o único membro da pandilla UCD que ten os recursos e as capacidades mínimas para garantir con métodos aparentemente democráticos os intereses ucedos arrecadados durante o franquismo.

Como celosos e servís gardas do coto provincial unha espesa tea de araña de caciquiños, máis ou menos badulaques, entre os que, sen ánimo de agotar o tema, poderíase citar a Recaredo Romero da zona de Verín, presidente do Consello de Administración de Augas Cabreiroá, presidente da cooperativa Monterrey, especializado en converter en solares as suas leiras coa ubicación do campo da feira nun lugar no seu día rexeitado polo vecindario. O Recaredo ten en Santiago Cid Harguindey e no médico Gildo González Fuentes, cuñado de Antonio Tresguerras, fuxido a Venezuela por un impresionante desfalco na Caixa de Aforros, dúas muletas de confianza e garantía; o veterinario de Vilardebós, así como o "Patás", secretario xubilado

deste concello son os delegados de UCD no sureste da provincia; Isaac Vila Rodríguez, alcalde de Xinzo, home que fixo fortuna en connivencia coas Cámaras Agrarias cos abonos e piensos que teoricamente deberían ser para os labregos, domina a Limia, fornecido por unha récua de secretarios de Cámaras Agrarias e de cregos— banqueiros e especuladores, entre os que sobrancean os de Sarreaus, Viladerrei, Chamusiños, Cobelas-Blancos, etc...; Agustín Domínguez, "Tinín", secretario da Cámara Agraria do Carballiño; Alberto Paz Ameijeiras, alcalde do San Amaro e Cabanelas, Alcalde de Boborás, son a triada caciquil na bisbarra carballiñesa, onde a nova imaxe, aparentemente democrática, é encarnada por Miras Portugal, economista, perito en servilismo e ambición, que das arelas galeguistas do PSG pasou á UCD; o deputado en Cortes Trillo Torres, aupado dende o sindicalismo franquista, ao tempo que é asesor xurídico da UCD-Franqueira controla o Ribeiro, tendo un bon pé no presidente da Cooperativa.

Para non cansar aos lectores, rematamos este informe de urxencia citando a trinidad pública da UCD ourensana: o "pai" é Pío Cabanillas que ten ao seu cuñado Alonso como vicedirector vitalicio en Galicia da Caixa de Aforros; o "fillo" é Atanes Romero, secretario provincial da UCD, mercenario da política que cobra por tal cargo a nómina de UTECO; e de "espírito santo" fai José Quiroga, "don Pepito de la Rúa", presidente da Xunta de Galicia, home que nen pincha nen corta, a non ser por ser o amo de Valdeorras. Tres notabéis distintos de un so deus verdadeiro: Franqueira.

O pobo de Ourense, traballador e galego, sabe ben a quen ten que facer no seu día un homenaxe póstumo como responsables da súa miséria e do seu subdesenrolo.

A U.C.D.: CADA UN NO SEU FEUDO (I)



Pois o problema dos mariscadores que faenan co can e complexo...



lémbranse que meu abó era armador.



¿E que podemos facer?



Porque non hay xeito de convencerlles.



isto o digo de gobernar como home



Eu son, por mariscador cousas dos negros



Como xa lle faldente, Na



de que os canes no campo que nos barcos.

O QUE QUEDA DA UCD EN LUGO

Para esta nova caste recén aparecida no país de cidadán con certa inqueda política, pero pouco avisado, poucas cousas haberá de máis abraiante e confuso que o ver a Rosón de representante da chamada áa "progresista e galeguista" da UCD. Confusión e abraio que van parellos coa curiosidade que outro sector máis medio, pouco ou nada politizado, de cidadáns de Lugo, bos coñecedores do pasado político inmediato da familia en xeral e de don Antonio en particular, sinten perante as manobras últimas do "vello zorro", como temos máis dunha vez escoitado en boca dalgún conciudadano.

E é que cadaquén sabe da súa casa. En Lugo todo o mundo está cheo de saber que Rosón foi sempre, e segue a ser, o máis importante, o xefe natural e aceptado de toda a rede de influencia caciquil da provincia; pero é que hai unha diferenza fundamental entre os dous máis sonados e xenuinos representantes do caciquismo nacional galego. E é que as respectivas historias de Franqueira e Rosón demarcaron os seus campos e condicionaron a súa política.

Franqueira é o caso típico de home xurdido do popular que vai ter unha actividade non máis ca económica, que vai montar un império que axiña se vai acoller nos modernos sistemas e métodos do capital monopolista, e que cando se meta en política vai ser, evidentemente, pra defender o seu tinglado: lóxicamente, vai cir nas ringleiras do partido dos monopolios, e non experimentar ningunha caste de contradicción no seu seo. Será o sostén máis firme da política oficial da UCD na provincia de Ourense.

Rosón, pola contra, é de orixe fidalga. A familia detenta certo poder económico, pero asentado nos sistemas e métodos tradicionais, doutra banda, este abogado de "alcúrnica" é bon coñecedor do país entrará moi cedo en política, e descoñecerá un tanto os negocios: nen vai acadar o control completo de toda a provincia, nen se vai integrar no sistema que xa se facía dominante.

DECANTACION E CONTRADICCION

Morre Franco. Antonio Rosón mantivérase vencellado a Fraga, pero chegada a hora da verdade, non pode quedar descolgado do poder institucional, e xa nas eleccións do 77 encabeza as listas da UCD ao Congreso pola provincia de Lugo. Noustante, o programa monopolista do partido tiña por forza de acabar enfrentándose con este caciquismo de intereses provinciais, e moi axiña Antonio Rosón, como máximo espoñente deste, vai acusar as primeiras desavenencias públicas coa chamada "liña Suárez". Por se non abundara, a rede Franqueira chega, vía UTECO, a Meira, e doutros xeitos incide na zona sul da provincia, estando a piques de se facer coa empresa de embutidos "Campoverde" de Monforte, amparada polos Rosón. E xa temos o enfrentamento cos



monopolios e con Madrid, e a d. Antonio Rosón reclamando a "galeguización do partido" e convertido en todo un "líder progresista e galeguista", aceptado como "mal menor" por partidos da esquerda española e moi perto dos plantexamentos dalgún partido formalmente galego e que reclama a definición nacionalista.

AS BASES DUN DOMINIO

Rosón domina a provincia de Lugo a traveso de organismos directamente vencellados ao campo: Cámara Agraria Provincial e as máis locais, Caixa Rural, empresas de maquinaria... Os "seus" homes pódense atopar ao fronte de organismos (Díaz Fuentes, o seu "delfín", presidente da Cámara Agraria Provincial, e do que din que está a "superar ao mestre"), controlando comarcas (Regal e Vázquez Portomeñe na de Chantada), de alcaldes e concelleiros en caseque todos os concellos, e, á mesma contra das directrices madrileñas, un deles, Manuel Cordeiro, ostenta a Presidencia da Diputación Provincial, onde asemade o "grupo Rosón" detenta a maioría absoluta. Os prolongados anos na política téñenlle conferido á familia, aparte dun talento político singular (é fama

que nen o mesmo Suárez pode co irmán de Antonio, Gobernador Civil de Madrid), lazos e relacións que de seguro que xogan bo papel no mantimento da súa supremacía. Non é home doado de eliminar Rosón. E senón, que llo digan a Novo Freire...

...O QUE LLES QUEDA

E pois ao demo mentamos, con perdón, imos ver o que lle queda á liña oficial da UCD na provincia. Dominando o caciquismo por Rosón, e quedándolle a Fraga uns pequenos núcleos, a única posibilidade de Otero Novás (delegado de Suárez con plenos poderes) fica neses sectores tecnocráticos e da clase política que sempre se moveron no ámbito oficial e que as súas posibilidades de medro político están vencelladas ao servizo dos intereses madrileños. Deste xeito, a influencia Suárez concéntrase na capital, e foi na asemblea local de afiliados desta que a "liña Madrid" obtivo maioría crara. Homes como Ulloa Vence, Sánchez Castiñeiras, delegado de Sanidade, Novo Freire, promovido a alcalde, Tano Asorey, que sona pra Delegado de Cultura, homes de empresa dinámicos e modernizados, como Manolo "Granjeiro",

ou o mesmo ministro Otero Novás, son o que téñen hoxe a Suárez en Lugo, ao tempo que homes coma Vicente Quintás, vencellado á industria de maquinaria agrícola, fica fidel a Rosón. Caso especial sería o do médico Cabanela, que no seu carácter de Director-propietario dun Sanatorio téñen doado o dominio dunha poboación coma Mondoñedo e comarca, apuntando á liña oficial a que parece que foi un dos máis cabreados cando a xogada de Rosón para a Diputación.

ATADO E BEN ATADO

Controlado por Rosón todo o elexibel somente as Delegacións dos Ministerios, de nomeamento madrileño, lle quedan aos homes de Otero. Hai mostras e mostras de impotencia, pero o feito de que na mesma Xunta de Galicia o único Conselleiro lugués seña Pardo Montero, un profesional ao servizo de Rosón, deixa manifesto que a de Novo Freire e compadres é grande. Como grande é a habilidade de "vello zorro". Estas son cousas que ninguén nega.

...E AO FONDO A EXPECTATIVA

Diríase que a UCD, que os monopolios españois fican afezollados por un "notábel" rural tradicional en toda unha provincia; e é notório que non quixemos denotar tal cousa. Os monopolios están a tomar por asalto o noso país, e o feito de que na derradeira provincia en sufrir globalmente os seus efectos aínda resistan os representantes do orde tradicional, non vai contar o proceso. Rosón ha cair, como caíu Puig Gaité, menos agudo, ou hase reconvertir; tampouco está moi craro se é que os homes de Otero Novás, con Novo Freire ao fronte, realizan ningunha operación a corto prazo. En calqueira caso, e sexa cal sexa a aparencia, o aparente "confinamento" da UCD oficial en Lugo non é máis que un momento da partida; e toda a actividade aparentemente asoballadora de Rosón e adláteres non é máis ca un "táctica defensiva".

OS LAZOS QUE OS XUNTA

Entre eles teñen liortas pessoais, lévanse mal ás veces, pero nunca houbo nen podía haber enfrentamentos de tipo político mesmo porque o seu papel de figuróns intermediarios é moi pobre e están así para apañar cantas máis oportunida-

des de carácter institucional mellor, para mellor apoiar tinglados económicos específicos. A única competitividade entre eles é querer sair na prensa uns máis veces que os outros e falar nos plenos un máis que o outro. Algún —é sintomático que sexa o de Agricultura, Gandaría e Pesca— nen se preocupou de cubrir as formas argallando algo

que facer ou como subdividir a consellaría. Os máis fortes, por control social e económico, seguen a ser o grupo Pío Cabanillas-Franqueira, por unha

banda, co presidente Quiroga, co posto expresamente creado para o ex-delegado de información e turismo, ex-delegado de cultura e funcionario da Diputación de Pontevedra Crespo Alfaya, na xefatura dos servizos administrativos da presidencia, co ex-alcalde de Vilagarcía, vence-

llado ao proxecto especulativo sobre a illa de Cortegada, como secretario xeral. E tamén Meilán que ademais de representar ao político e tecnocrático, racionalizador do que lle sirva, non deixa de ter as súas boas relacións con sectores da construción na Coruña —segundo coinciden diversas fontes— e co Banco de Crédito Agrícola, nen deixa de ter nas consellarías que dependen dos seus (Alejandrino Fernández en Educación e Cultura, Alfonso García en

Industria, Calviño en Pesca) asesores do PSOE. E queda o da UCD luguesa, Pardo Montero, o que máis decide e artella en Ordenación do Territorio, como xunteiro dun grupo que se esforza en proclamar intereses nacionais cando van instrumentalizar directamente todos os grandes agresións tanto en modelo e asentamento industrial como en comunicación ou medio ambiente. Por último, como un sector local e gremialista os chegados á UCD vía PGSD, tan próximos ao PG e atraídos asemade por Rosón, que non por eso deixarán o Centro e faranse autopropaganda a traves do Círculo Galego de Opinión: Como figura na Xunta o inspector do INP, Dr. Manuel Tojo Reboredo, na Dirección Xeral de Sanidade e Seguridade Social. E así...



Fotos: XURXO FERNANDEZ ARCHIVO

O ACASEIRADO, BURACO DO CAPITAL

A situación do caseiro galego é so un problema social relativo, hoxe o problema está, máis ben, nas consecuencias que trae o haber caseiros. E as consecuencias son: que o acaseirado —esa institución medieval— é o que permite a penetración do capitalismo na agricultura galega. Ese é o feito que está a vista nésas poucas pero grandes explotacións agropecuarias que hai en Galicia promovidas pola Banca privada ou por fortes grupos financeiros.

Digamos que o sistema de produción capitalista penetra no campo para dominar tamén —xa domina a industria— o sector agrario que é o medio de produción dos alimentos.

Para explotar a terra de un xeito rentábel precísase moito terreo. Por iso o tipo de explotación agraria capitalista é o latifundio de cen hectáreas. E así perante o latifundio xurde a Sociedade Anónima explotadora desa terra, en forma de Gran Empresa Agraria Capitalista, que lle aplica á terra o sistema de traballo e de produción da Industria.

¿Cómo se consigue nunha Galicia case estruturalmente minifundista tanto terreo xunto para ese tipo de explotacións? Está claro: so nas terras de grandes propietarios asentistas, traballadas por arrendatarios ou aparceiros: os caseiros.

A Gran Empresa Agraria en Galicia, insértase nunha estrutura agraria tradicional, o acaseirado, seguindo un modelo moi concreto e único até o momento. As condicións son as seguintes: **Primeira:** Ha de tratarse de terras de un so propietario asentista ou amo —término usado polos labregos—. **Segunda:** Que estas terras estexan distribuídas en varios "lugares" —unhas terras e unha casa baixo renda—, e que cada lugar sexa traballado por un caseiro distinto. **Terceira:** Que todos estes lugares estexan xuntos, e entre todos sumen centos de hectáreas.

Veleiquí como en Galicia existen extensións únicas ou latifundios, por tanto latifundistas, ben que encubertos. A Gran Empresa precisa do latifundio para estas explotacións; por iso sendo Galicia a Zona de maior produción gandeira, o Banco mundial váise a Sevilla a colaborar cos grandes latifundistas sevillanos ou cos grandes empresarios andaluces do campo.

Descríbamos, agora, o proceso de evolución destas terras e destes homes desde o extremo do sistema de explotación tradicional do labrego caseiro, até o extremo do sistema de explotación e produción capitalista. O resultado é o que se chama "a gran revolución agrícola".

A extensión do lugar determina o tipo de explotación: Hortifrutícola, normalmente. E aquí conectamos con outro aspecto da penetración e extensión do sistema capitalista no sector agrario: o das industrias de transformación dos produtos agrarios; penetración máis séria que a das explotacións agropecuarias.

En conclusión, que estamos asistindo á liquidación do acaseirado. O proceso de liquidación que se está consumando é un proceso definitivo. Acabará cos clásicos rexímenes de tenencia da terra: o de arrendamento e o de aparcería. Non quedará máis que o réxime de propiedade de terra. No campo galego haberá só propietarios; todos propietarios. Esta será a situación provocada pola alternativa capitalista.

Alguen bendecirá esta alternativa como unha bendición

da terra. En verdade, non se lle pode negar ao sistema capitalista eficacia transformadora. Unha hectárea a toxo —en palabras de Corzo, Presidente do Grupo Gaper, e protagonista de outra alternativa sobre o minifundio galego de dudosa viabilidade, non produce 500 pesetas ao ano; esa hectárea transformada producirá 10.000 litros de leite, ao ano. Dacordo: Aumenta a produtividade no sistema capitalista, non só do traballo, senon tamén da terra respecto a situación anterior.

O capitalismo "soluciona" (!) o problema económico do campo galego pero non o problema social; e polo tanto nen o económico. Xa non haberá caseiros, pero hai asalariados. A terra será para uns cuantos. Para eses cuantos a Terra galega producirá enormes beneficios; non para os fillos da Terra, que serán uns homes sen terra. Eses beneficios irán parar a París ou Chicago —e a Banca privada española apoiada pola Banca extranxeira é a que invirte no agro galego—. A esta explotación de Galicia por xente extraña, chámase "colonialismo económico". E aquel dibuxo de Castelao da vaca en Galicia e os tetos en Madrid.

De "bendición para Galicia", amigos, nada. ¿Que será do pobo, a clase traballadora labrega con dereito a terra? Porque tamén teñen problema os pequenos propietarios galegos. Ai está esa outra alternativa do Goberno: O Plan do Ministerio de Agricultura de establecer xóvenes agricultores e gadeiros en explotacións viáveis; plan que xa está funcionando; hai mil solicitudes de xóvenes agricultores cursadas e espérase chegar ás cuarenta mil en todo Galicia —dixo o Ministro—.

Entre o capitalismo e os xóvenes agricultores, pupilos do Iryda da Extensión Agraria, beneficiarios de Créditos a feixe, ¿quedarálle sitio no campo para o resto dos labregos?

As terras do amo en mans de caseiros pasan a ser explotadas pola Gran Empresa Capitalista ao amparo da lei. Sempre que o arrendador co gallo da "explotación directa" se propoña facer unha nova explotación ou aplicar un novo cultivo "que se consideren máis beneficiosa para a economía nacional" (Lexislación sobre arrendamentos rústicos. Vede o sentido capitalista desta lexislación franquista), o arrendatario ha de deixar libres, forzosamente, as terras do propietario arrendador.

Libres as terras, sin ningunha complicación ou marco para o amo —non cabe aquí a oposición legal do caseiro—, o amo introduce nelas a Gran Empresa Agraria Capitalista, unha Sociedade Anónima que procede a transformación eficaz do terreo para creación dunha rentábel explotación agropecuaria —produción de leite ou carne—.

Eso si, o arrendador queda obrigado a indemnizarlle ao arrendatario a miséria do iduplo da renda! ... Pero na realidade en Galicia a indemnización ao caseiro é distinta. Trátase de que o caseiro quede contento así o amo déixalle a casa, un anaco de terra —uns ferrados—, para traballar en por sí como propietario; e sobre todo pasa a traballar como asalariado —tractorista, vaqueiro, etc.— na explotación agropecuaria da Gran Empresa.

Este é o resultado da gran revolución agraria: O caseiro, campesiño tradicional, pasa a ser obreiro asalariado do campo. O amo, tradicional terratenente, pasa a ser un burgués terratenente. Ao mesmo tempo aléranse todas as relacións do antigo sistema agrícola: as relacións de

produción, as económicas, as sociais, e tamén as culturais.

Dirá algun que isto afecta a poucos caseiros por haber poucos latifundistas en Galicia. E verdade, afecta a poucos. Pero ao resto dos caseiros empézalle a pasar o mesmo. Tamén teñen que deixar os seus lugares. E a mesma razón de explotación directa polo propietario. E aquí xa quedan afectados unha enorme cantidade de caseiros. Hai en Galicia miles de hectáreas de terra en mans de caseiros; e ao mesmo tempo son bastantes os terratenentes galegos que teñen máis de dez lugares en propiedade. E logo hai que contar a grande e vergonzosa cantidade de asentistas que viven na vila da comarca ou na cidade, propietarios de algun lugar na aldea.

A ameaza para estes caseiros é inmediata. Aínda que pertezan a grandes terratenentes, por ser lugares únicos e dispersados —non un conxunto de lugares como na Gran Empresa—, han de ser explotados individualmente. Nestas terras máis reducidas insértase outro tipo de Empresario. O caseiro queda nas mesmas condicións que no caso da Gran Empresa.

Frente a alternativa capitalista, en calquera das súas tres versións expostas, a verdadeira alternativa para á clase traballadora labrega ha de ser a Socialista: "A terra para quen a traballa".

Fai anos falábase dunha efectiva política de cambios de estruturas no sector agrario; A terra do propietario asentista ha de pasar o aparceiro ou arrendatario, para ser el o responsable dos seus medios de produción. Así se expresaba Tamames á vista dos datos do Censo Agrario do 1962.

Esta política que se intentaba, non funcionou. Isto era lóxico nun sistema de base capitalista, como o noso, e con un modelo de desenrolo industrial dentro do sistema.

Hai que loitar por esa nova alternativa que?

1.— A terra sexa para quen a traballa. Pero non individualmente. A terra como medio de propiedade sempre privada —está visto— conduce ao capitalismo. A terra ha de ser traballada coletivamente, por amplos grupos de labregos —sistema de Cooperativa ou federación de Cooperativas—.

2.— Os **suministradores** fertilizantes, maquinaria, etc. —sexan de propiedade estatal. Evitaria así o lucro incontrolado dos actuais intermediarios.

3.— A Banca sexa propiamente nacional. Sen a nacionalización a Banca non podería apoiar a agricultura con Créditos a baixo interese, por insuficiencias de volumen de capital.

4.— Os **preços** dos produtos agrarios estexan fixados polos propios campesiños. Se suben os custos de produción é lóxico que el suba tamén os preços dos seus produtos. O margen de ganancia ha de manter sempre, unha equivalencia constante.

5.— A **concentración** de terras que é necesaria, sexa feita polos campesiños mesmos.

EN CONCLUSIÓN: A terra non para uns cuantos, senon para clase traballadora labrega. Estes labregos son o Pobo. ¿Estamos nos, os cregos, co Pobo ou cony ses cuantos Grandes? Para estar co Pobo só hai un camiño: O SOCIALISMO.

S.D. CAMPAÑA-FERRO
Visantóña, vrao do 75

MEIGA
LIBRERIA - PAPELERIA - DISCOS
A LIBRERIA DO ESTUDIANTE
Rúa do Progreso, 64
Teléfono: 211448
OURENSE

Bar 
Trangallán
Lepanto, 12 - ORENSE

A RODA
ELECTRODOMESTICOS
O NOSO FORTE
E A TELEVISION
SERVICIO TECNICO
GALERIAS ROMA
C/ REZA, 18
OU GRAL. FRANCO, 95
OURENSE
TELF. 22 85 83

SUKY 
FOTO
TODO NO RAMO DA FOTOGRAFIA
FOTOCOPIAS
PROGRESO, 101 e 103,
Centro Comercial PROYFLEM
Tlfn.: 229719 Part. 230984
OURENSE

 
A NOSA TERRA

ESPAÑA

OS XOGOS DA UCD

X.L. LABANDEIRA

As discusións nas respectivas comisións do Estatuto dos Traballadores e máis do de autonomía para Galicia veñen demostrando como o partido do Goberno segue a utilizar o método do consenso ou os acordos de pasillos co PSOE cando lle convén, e como é perfectamente capaz de impoñer as súas opcións, utilizando restos de grupos, de comparsas aínda que éstes se cabreen e se opoñan moito.

ESTATUTO DOS TRABALLADORES

O articulado dos Estatutos dos Traballadores vai pasando pola comisión correspondente do Congreso sen sufrir grandes variacións sobre o que presentou o Goberno, porque a UCD, utilizando a súa maioría, vai rexeitando unha por unha todas as enmendas que son presentadas pola esquerda parlamentaria ou aceptando destas partes que non afectan en absoluto o contido dos artigos. Isto ten provocado as iras de Marcelino Camacho: "o que está sucedendo aquí é

moi grave e non podemos aceptalo. A UCD aproba enmendas que consisten en cambiar unha palabra (...) namentrás que as modificacións de fondo son sistemáticamente derrotadas"; esta aseveración reflexa moi ás claras como se ven desenrolando a discusión deste Estatuto. O mesmo ven sucedendo coas modificacións, puramente testimoniais, propostas por Bandrés, representante de Euskadiko Esquerria, e polo PSA. Deste xeito veuse paseando o texto do Goberno pola comisión deica que se chegou aos artigos que se referían ao pactado no acordo marco que firmaron UGT e CEOE que foi incorporado ou respetado, segundo os casos, mediante enmendas presentadas polo PSOE e apoiadas, previo acordo de pasillo, polos centristas. O resto dos grupos citados neste caso abstíñanse. E así é como os traballadores do Estado terán, a bon seguro, un Estatuto a imaxe e semellanza de UCD e dos acordos que a grande Patronal decidiu firmar coa central sindical socialista.

O ESTATUTO DA MONCLOA PARA GALICIA

Pois velai, xa non fai falta que

ninguén se esforce en afirmar que o estatuto de autonomía para Galicia é de Madrid, porque o Sr. Pío Cabanillas que, por certo foi o deputado galego que máis se destacou decindo paixoadas e antroidadas darredor do proceso autonómico, encargouse de deixalo fora de toda dúbida, concretando o lugar da capital do Estado onde a criatura foi parida, cando nunhas declaracións asegurou que "o estatuto de Galicia debería chamarse Estatuto da Moncloa". Todos os demais grupos políticos que axudaron a elaborar o proxecto mostráronse moi defraudados pola actuación de UCD e o

PSOE apresurouse a afirmar que, no caso do artigo 4 que confía o control da autonomía galega ás

Cortes españolas, non pactara nada. Pero o mesmo dá porque o partido de Goberno ven demostrando que só utiliza ao resto dos grupos, e sóbor de todo aos socialistas, como solución para non enfrentarse a outras posturas que lle poderían resultar máis perigosas, e que, cando non lle fai falta utilizar á esquerda parlamentaria con este fin, amáñase ben so il soio.

"Homenaxe dos pobos de España a C. E. Ferreiro"

O pasado día 3 celebrouse no Pabellón dos Deportes de Madrid un homenaxe ao poeta de Celanova morto fai dous meses. O acto foi convocado por unha chea de entidades, grupos políticos, centrais sindicais, asociacións culturais, etc. Estaba presidido, entre outros, pola viúva do finado e máis peisonaxes como Felipe González, Tierno Galván e Nicolás Redondo, do PSOE.

Nun principio a asistencia ao acto foi boa, entre oito e dez mil persoas, pero éste en si deixou moito que desexar a pesar dos medios técnicos de que dispoñían os organizadores, como por

exemplo unha grande pantalla situada detras do escenario onde se ían proxectando imaxes de Celanova, do poeta morto e de estampas típicas galegas pero sen un mínimo de coherencia ou continuidade. Asimesmo, a pesar da indiscutíbel calidade dalguns dos artistas que interviñeron, tanto no campo musical como no poético, o acto foi moi deslucido por falta de organización e coherencia, como o demostra o feito de que os máis grandes aplausos foron colleitados por un grupo de ex-combatentes retirados de Meiorada del Campo tocanco laúdes e guitarras, cuia calidade, por causas

óbvias, non era excelente, pero que foron os que mellor chegaron ao público. E de salientar a abondosa pitada que recolleu o profesor Alonso Montero cando nunha excesivamente longa interpretación do pensamento político de Celso E. Ferreiro, defendeu un estatuto de autonomía para defender os problemas de Galicia.

En definitiva, un homenaxe dos españois a un poeta nado en Galicia, acto cheo de incoherencias cunha chea de público, de adhesións e de boas intencións pero que, en xeral, resultou dabondo defraudante.

EUSKADI

UNHA MORTE DISCUTIDA

MAIALDE

Coa aprobación do Estatuto de Autonomía comeza un proceso de estabilización e de toma de responsabilidades por parte de PNV. De entrada tivo que enfrentarse coa morte do traballador socialista Germán González En Zumaia.

CARA A AMNISTIA

Dista morte foi reivindicada polos comandos autónomos de orientación consellista e antipartido. Os comandos autónomos xurdiron dos chamados "anticapitalistas" dun sector de LAIA -EZ- e tamén dos "Bereziak" antigos comandos especiais de Eta político-militar que se negaron á súa integración en ETA militar. A estes comandos pertencía Fran Aldanondo "Ondarru", morto en visperas da votación sobor do Estatuto. Asimesmo, é militante dos comandos autónomos Bixente Aldalur, primeiro refuxiado vasco entregado pola policía francesa á española que nestes últimos anos e tamén Zapa e Roberto, mortos pola Guardia Civil de Mondragón, fai un ano.

A raíz da morte de Germán González -acusado polos autónomos de confidente- as centrais sindicais CC.OO e UGT -a sindical vasca ELA abstúvose- convocaron folga xeral, convocaría ésta que ao non contar co apoio de sectores integrados nestes sindicatos como MK e LKI non chegaron nen a plantexarse nen no caso de Navarra. No resto de Euskadi sur conseguiu espalarse na marxen esquerda da ría e no sector do transporte público en Guipuzcoa.

E de destacar na ola de condenas de diversos partidos e no conxunto de declaracións do PSOE intentando presentar aos comandos autónomos como unha parte de ETA, o comunicados dos autónomos encarcerados en Martutene para quen dita acción fora un erro, xa que a loita puntual estaría centrada na etapa actual na consecución da amnistía.

O PARLAMENTO VASCO

Iñaki Aldecoa, secretario de ESB, comentaba en días pasados que o non participar nas eleccións para o Parlamento vasco "podería supoñer a liquidación de Herri Batasuna". Para o dirixente de ESB é precisamente o intento de compaxinar a loita de masas coa institucional a característica principal de HB. Neste sentido, Iñaki Aldecoa, despois de afirmar que a súa coalición "tomará parte activa en cantas batallas concretas poidan plantexarse contra o centralismo" ofrecía o seu apoio a PNV e a EE á hora de conseguir maiores cotas de autogoberno ou milloras nas condicións de vida dos traballadores.

LAIA, pola su abanda, partido expulsado do KAS por común acordo entre HASI e ETA militar (membro observador da coalición), tamén afirmou a súa decisión de participar nas eleccións para o Parlamento vasco. Para Iñaki Urrestarazu, dirixente de dito partido, trataríase de conxugar a loita de masas coa denuncia no Parlamento vasco, a loita contra o capital en defensa da soberanía nacional e das liberdades democráticas pendentes. ANV manifestou asimismo a súa intención de participar.

Noutra orde, destaca o rexeitamento por parte da mesa do Parlamento Foral Navarro "por razóns de formas" de que a proposta sóbor da integración de Navarra no marco autonómico vasco se discuta en dito Parlamento. Dita proposta fora presentada polos parlamentarios Sorrauren de Euskadiko Esquerria e Casajus do PTE.



non te o conta...

RESTAURANTE VERACRUZ

ESPECIALIDADE EN MARISCOS DA RIA, COCIÑA GALEGA E OS MILLORES VIÑOS DO PAIS... (E ESTO DOS VIÑOS SI QUE NON E CONTO...)

Julio Rodríguez Soto, 24
Telf.: 271251 - CARBALLIÑO



PRA MOBLAXE CONSULTENOS!

ALMACENS FERNANDEZ
REZA, 15 - OURENSE
CALIDADE AO MERCAR. COMODIDADE AO PAGAR

XESTORIA Freán

JUAN XXIII, 12 Entrechán
TEL: 217578 - OURENSE

ESPERAMOLO EN ALONSO



Auto Escuela
Marcelo Macías, 14-baixo
(Frente a Telefónica)
OURENSE

DISCOTECA BRA



O KURDISTAN; PAIS NEGADO

RICARD DE VARGAS-GOLARONS

O Kurdistan é un país de 16 a 20 millóns de persoas, tan grande como a Península Ibérica inteira, situado entre as montañas do Caucaso, ao norde, e o río Tigris ao sul, e do golfo de Alexandreta, no mediterráneo, no oeste ao Golfo Pérsico, no este. O país está repartido entre cinco Estados: Turquía, Siria, Irak, Iran e a Armenia soviética. Polos medios de comunicación viñemos a saber que estalou unha nova guerra no kurdistán iraniano, onde viven máis de catro millóns de kurdos, e hoxe imos ver algúns datos sobre a nación Kurda.

KURDISTAN

Estados	Porcentaxe Habitantes kurdos	Porcentaxe da poboación kurda do Estado	Territorio kurdo	Porcentaxe do territorio kurdo no Estado
Turquía	8.000.000	26 x 100	220.000 Km.	30 x 100
Iran	4.000.000	16 x 100	175.000 Km.	11 x 100
Irak	3.000.000	28 x 100	76.000 Km.	18 x 100
Siria	650.000	11 x 100	19.000 Km.	10 x 100
Armenia soviética	350.000	14 x 100	10.000 Km.	34 x 100
Total	16.000.000		500.000 Km.	

Os kurdos viven no seu país desde fai uns 3.000 anos e a pesares deste desmembramento en cinco Estados que o oprimen e negan a súa existencia, o sentimento nacional entre os kurdos é vivo e coherente e encontrou a súa expresión en longas e penosa loitas armadas pola súa liberdade e a súa independencia nun e noutro lugar do vello e perdido país montañoso, que sempre van acabar en períodos no que o seu país é tratado como terra conquistada con todas as implicacións que iso comporta: execucións masivas, deportacións, arabiación forzosa e o terror.

Os kurdos son un pobo das altas montañas, divididos en tribus, que viven sobretudo da dedicación a gadería nomada (cabras e cordeiros) da artesanía (tecidos de lá e alfombras) e os cultivos do campo. Existindo actualmente moitos milleiros de obreiros kurdos traballando en industrias do petróleo e outras moitas variadas industrias nas súas cidades, como máis de 100.000 obreiros kurdos que están a traballar na Alemaña.

PEQUENA HISTORIA DUN PAIS DIVIDIDO E NEGADO POLO IMPERIALISMO

Os kurdos, descendentes da ponla medo-escita dos Arios,

chegaran ao actual Kurdistan hai xa máis de tres mil anos. Ali se estableceran, e despois da expansión musulmana polo seu país, convertiran-se o Islam (ponla sunita, inda que ó contrario de outros povos islamizados aínda hoxe conservan moitas das súas tradicións paganas). Non obstante, a diferenza dos outros pobos orientais, os kurdos se mantiveran durante tres séculos loitando contra os invasores árabes, conseguindo deste xeito salvar a súa autonomía. Na idade media a nación kurda se constituiu en varios Principados-Estados cunha organización feudal gobernados por dinastías kurdas dunha maneira moismellante a dos pobos europeos da época. A batalla de Tchaldryan, porén, en 1514, marcou a primeira partición do Kurdistan entre a Pérsia e o Imperio Otomano, e dende entón, os kurdos xa non deixaran nunca de opoñerse e de loitar contra os diferentes poderes dos Estados que os querían dominar e someter sen chegar nunca a conseguilo totalmente. Así, no século XIX, estralou con forza unha dura loita ao intentar o império turco de anexiónar-se territorios kurdos aínda ceibes e soberanos de toda dependencia estranxeira, non podendo denante moitas décadas con o Principado kurdo de Sinna, que se conservou independente.

Despois da desfeita turca na Primeira Guerra Mundial, no tratado de Sévres de 1920 se recoñecía o dereito da creación dun Kurdistan independente. Mas o tratado de Sévres non chegou a aplicarse porque o chefe turco Kamal Ataturk impoñeu un outro tratado en 1923, o de Lausane. No ano seguinte o goberno turco prohibiu a lingua kurda, as publicacións, e as escolas kurdas, e seguiu unha negra época de represións culturais, política e até física. Do ano 1925 ó 1938 o pobo kurdo viveu nunha revolta permanente. Houberan tres grandes insurreccións populares que fixeran tremar as bases do imperialismo turco: a de 1925, na que o exército etnocida turco conduciu a milleiros e milleiros de vellos, mulleres e nenos á covas das montañas que despois pechaban con cemento. A de 1927-1930 e finalmente a de 1937-38, en que foran queimados vivos máis de 50.000 kurdos. No curso de estos anos, en que o pobo kurdo loitou con valentía pola súa liberdade e soberanía nacional, destes anos de terror, de conquista militar, de etnocidio, a nación kurda chegou a ter **MAIS DUN MILLON E MEIO DE VITIMAS!** Querían exterminar fisicamente aos kurdos.

Por outra parte, os kurdos do sul, do Kurdistan iraquí, tamén se opoñeran a anexión de parte do seu país ao recente Estado do Irak, creado dunha maneira artificial, desencadenándose esporádicas revoltas no período de 1919-1930 e despois de 1932 ao 1945.

A LOITA ARMADA POLA LIBERACION NACIONAL DO KURDISTAN

Axudados e protexidos pola súa xeografía montañoso, os kurdos sempre loitaran pola súa independencia. Deste xeito conseguiran, neste século, por tres veces manter parte do seu territorio independente. A primeira vez foi a **República kurda do Ararat (1927-31)**, no Kurdistan turco, a segunda a **República kurda de Mahabad (1945-46)**, no Kurdistan iraniano, dirixida polo heroico e indiscutíbel loitador Mustafá Al-Barzani, e tamén a terceira, República kurda do Kurdistan (1965-75), no Kurdistan iraquí, esta última chegou a ter uns 60.000 homes e mulleres armados para defendela cunha poboación de máis dun millón de kurdos e un territorio liberado bastante maior do de Galicia, ali aguantando durante dez anos as divisións blindadas do moderno exército iraquí, equipado polos soviéticos, con bombardeos diários, e napalm, e misiles... e a pesar da derrota de 1975, ó pasar tamén a combaterlos o exército iraniano, equipado polos americanos, non poriso acabou a loita. A loita de guerrillas seguiu e tende cada vez máis a intensificarse no Kurdistan iraquí, a pesares do silencio imposto aos medios de comunicación internacionais.

MAPA DO KURDISTAN (País dos Kurdos)



OUTRO KENNEDY

J.J. NAVARRO/LLATZER MOIX

Edward Kennedy, 47 anos, o terceiro home da dinastía de máis sona da política nordeamericana seguiu esta semana pasada o camiño dos seus dous irmáns, presentando a súa candidatura á presidencia dos USA nas eleccións de santos do ano que ven.

O derradeiro dos irmáns Kennedy, o máis novo, o máis vulnerábel, e tamén o máis decididamente político, está xa na carreira de cara a Casa Branca, e para gañala dispón de ventaxas moi de ter en conta, pero tamén se cernen ao seu vedor perigos e hándicaps dabondo.

Todo o mundo cadra conforme en que máis grande ventaxa de Kennedy fica no seu apelido e na súa imaxe. A lembranza de John Kennedy como presidente, e as súas promesas "nova fronteira" para os USA a comezos dos anos 60; a lembranza do seu asasinato e a truncada ascensión do seu irmán Robert cara á Presidencia en 1968 aínda fican como moitos na mente de moitos nordeamericanos.

Após a "Era Kennedy", chegou á presidencia dos USA Lyndon B. Johnson, e cando el, a "escalada" de Vietnam e o desencanto en moitos sectores da sociedade dos USA; e logo Nixon, coa súa imaxe desagradábel, as súas prácticas arbitrarias de poder e máis o escándalo "Watergate", que o obrigou a deixar o cargo. O poder nos USA veu dar en algo prosaico e cruel. Como recén apuntaba un cronista sobranceiro da Presidencia yankee, "Kennedy foi o derradeiro Presidente co que ao pobo deste país lle daba a impresión de que controlaba o seu destino".

Pero Edward Kennedy é un Kennedy distinto, e ademais, teñen pasado dazaseis anos desde o asasinato de John e once dende o Robert. Edward non somente é o irmán de John e máis Robert; e asemade senador por Massachusetts de hai moitos anos, ten unha longa experiencia lexislativa e asume un papel concreto na política nordeamericana, un papel que o identifica cos grupos de presión que controlan o verdadeiro poder nos EE.UU. e sen o que sería imposible que tivera acceso á presidencia do país.

Edward Kennedy ten tamén un pasado moi conflictivo a nivel persoal. A sona dos seus "asuntos de faldas" o alcoholismo da súa muller, o incidente no que faleceu a xoven Mary Jo Kopeckne unha antiga secretaria de Robert Kennedy que tiña unha relación pouco clara con Edward son feridas que os adversarios do novo candidato non deixaran de facer sangrar na longa e difícil campaña electoral que lle espera. O propio Jimmy Carter nomeou xa por tres veces o incidente do candidato republicano John Connolly respondeu recentemente a pregunta dun periodista sóbor dos seus propios escándalos políticos coa frase "yo no he matado a nadie" referida directamente ao senador Kennedy.

O primeiro adversario que ten Kennedy desde hoxe é o propio Jimmy Carter, o presidente en exercicio, a quen o senador por Massachusetts terá que desplazar para obter a nominación oficial como candidato do Partido Demócrata nas eleccións do próximo ano. Durante este século nengun aspirante a presidente dos EE.UU. conseguiu desprazar a un presidente en exercicio do seu propio partido, e si ben moitos afirman que Kennedy é o único que o pode facer tamén é certo que o presidente, polo feito de selo, ten unha notábel ventaxa de partido.

O calendario político nordeamericano do ano que ven está cuaxado de eleccións primarias (sondeos indicativos nalgún estado da Unión que dan a medida do favor popular de que goza cada candidato). E estas eleccións gananse ou perdense polas alternativas que ofrece a cada cal en cuestións de política concreta, non só polo encanto personal dun candidato.

E ese é outro ponto débil de Edward Kennedy. Nun momento en que a sociedade nordeamericana rebela tendencias agudamente conservadoras e está sumamente preocupada polo aumento do gasto público dunha época de crise económica, Kennedy ten imaxe de liberal e votou no Senado Leises que tenden a aumentar ese gasto público. Por outra banda, aínda que o motivo máis relevante da participación de Kennedy nestas eleccións é o seu desencanto co liderazo pouco resolutivo e blando de Jimmy Carter el mesmo tampouco ten unha imaxe de home duro e resolutivo.

Por se isto fose pouco Kennedy terá que esforzarse moito en diferenciar o seu programa do de Carter, pois el mesmo foi un grande defensor da política presidencial no Senado.

Seña como seña, o terceiro home da dinastía Kennedy está xa na carreira Casa Branca. Se ten éxito ou non no seu obxectivo é algo que se saberá antes dun ano.

Dan máis golpes os caciques que o boxeo

Felipe Rodríguez Piñeiro, coñecido no mundo do boxeo como Pantera Arosa e Pantera de Arosa, é o único boxeador nacional coñecido a nivel europeo e un dos poucos profesionais galegos no deporte das doce cordas. Nado en Vilaxoan (Arousa) en mil novecentos cincuenta e tres, celebrou o primeiro combate como amateur en Pontevedra no ano mil novecentos setenta e dous. Logo sesenta e seis máis nesta categoría, perdendo só catro. Xa no campo profesional faise campeón do estado español, non coñecendo ademais a derrota até que días atrás liouse co italiano Zanón polo campeonato europeo.

A este antergo mariñeiro fillo de boxeador, home ben feito, senón que llo preguntan ás italianas, non lle pega nada ben o nome de Pantera, xa que a súa faciana asemellase á dun rapaz que nunca rómpeu un prato. Parece imposible que sexa capaz de pegarlle a ninguén, xa que a súa cordialidade é grande, aínda que, caso raro nos boxeadores, é un home de poucas verbas e de acento propio das Rias Baixas. Cando sube ao rin, todo cámbia e vóltase agresivo:

"Mira, cando subes ao rin ou pegas ou che pegan, así que e mellor pegar, ¿non? Alí arriba eu só penso en gañar", comezounos dicindo unha noite no Palácio dos Deportes da Coruña onde entrena cotianamente con Beltrán e Tasende. Ao rematar o entramento, despois de dúas horas, seguiu a nosa conversa:

—¿Qué se sente ao perder diante de outro home por primeira vez, como é o teu caso? ¿Sacaches conclusións positivas da derrota?

—E unha desilusión moi grande, quedei completamente desmoralizado, levaba sen perder nengunha pelea e gañar sería para min unha gran alegría, pero... hai que acetalo xa que así o deporte. O positivo foi que me quedaron as portas de

Europa abertas. Non son nengún vello, teño vintecinco anos e xa tirei outra oportunidade. Ademais, Pastor López presentou a miña candidatura e puxeronme neste xa non ranquin europeo. Agora liareime co que está no posto terceiro e se gaño xa me nomean aspirante ao título.

—¿Cal vai ser agora a tua traxectoria?

—O diz dez liome en Bélxica. Se gaño pelearei aquí na Coruña

con Toni Moure. Quero ofrecerlles a vitoria e un bon espectáculo a todos os coruñeses e a toda Galicia claro. Logo haber se gaño o campeonato de Europa. Gustaríame boxear coa bandeira galega no calzón e gañar así vitorias para Galicia.

—¿Cómo vex o boxeo galego hoxe?

—Case son eu o único boxeador que quedo en Galicia. Tanto Carreira, por lesión, como

Añón, non poden boxear máis, e Alvarez aínda está un pouco verde, pero pode chegar a algo. Se eu quedara Campeón de Europa subiría o boxeo en Galicia, antes non viña ninguén ao xinásio e agora, ti hoxe non o viches, xa que viñeches nun mal día, case está cheo; así e todo pudeches comprobar os nenños que hai xa aprendendo.

—¿Quénes dan máis golpes, os boxeadores ou os directivos e caciques que andan polo medio tanto no boxeo como na vida?

—Dan bastante máis os caciques que andan polo medio, a xente mala que te rodea, pero non so no boxeo.

—¿A quen che gustaría pegarlle, xa non como boxeador, senón como persoa?

—Pegarlle a ninguén, non teño porque pegarlle a ninguén, por suposto. Non teño nada contra ninguén... ah, bueno, perdoa ho; de pegarlle pegarlle a Berrocal, a ese si que lle pegaría con gañas, e merecente delas, de verdade. Contra mindixo moitas barbaridades, sen ser certas.

—¿Non pensas que nun pobo apimido como o galego debían saír máis boxeadores?

—Claro que si, ademais de que fan falla, os galegos valemos para todo.

—Sabes que o Gobernador ben de decretar o peche do Pazo dos Deportes de Vilagarcía, ¿cal é a tua opinión?

—Non estaba enterado, xa que estou na Coruña. Aquelo xa estaba todo mal organizado, entraba ali quen quería e cando querían... era todo unha trapallada. Alí hai moito "cacique" por medio e así andan as cousas.

—¿Qué diferencias encontras entre públicos como italiano, español e o galego?

—Como o público galego non hai, ademais de apoiarme sempre, son moi botados para diante. Dos italianos decían que tal, pero non houbo caso. O español bah, non hai moita duda.

—Ti que foches pescador, ¿cómo ves agora a pesca?






—Está moi mal, sóbor de todo a de baixura que era na que eu faenaba. Non hai axudas nen planificación e estana destruíndo toda. Está moi mal.

—Cando fagan o referendun para o Estatuto, se o chegan a facer, ¿ti que votarás?

—Eu paso do Estatuto. Non votarei xa que me quero levar ben con todos. En política son un pouco pasota, ¿sabes?, aínda que quero para Galicia o mellor, xa que Galicia é o millor que existe, hai que ver se a botamos para riba, por iso mellor ou peor, pero quero estar en Galicia.

Aí quedan as respostas de Pantera, curtas pero sinceras e co corazón por diante como fai nos cuadriláteros.

ALFONSO EYRE

AS CERAMICAS DO CASTRO  E AS DE SARGA 
DELOS  ESTAN FEITAS
CON TERRAS GALEGAS,
AS IDEAS E A CIENCIA
QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE
FORMAS DE GALICIA 
E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS 

ENGADANDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR
AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER
UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEI
TANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

No primeiro caso (embarazo desexado), a muller pode contar cos mellores cuidados indiscutibelmente perfeccionados e correctos, en todo o que se refire á protección tanto da parturienta como do futuro neno. O contacto médico-paciente faise favorábel e duradeiro. Porén, o anuncio, dun embarazo "non desexado" causalle inmediatamente ao médico ou especialista unha preocupación consciente e unha contra-aptitude profundamente inconsciente


ABORTO E SEXUALIDADE (I)

Por CIPRIANO LUIS JIMENEZ CASAS

A problemática dos "embarazos non desexados", está relacionada en todos os países co baixo nivel de coñecemento no dominio da vida sexual, tanto dos adultos e adolescentes como da sexualidade infantil de ambos os sexos. A masiva ignorancia da complexidade sexual, é o resultado (que hoxe pagamos caro) dunha longa política de ocultamento, distorsións e culpabilidades da sexualidade.

Os mesmos médicos tiveron que facer sérios esforzos, para recuperar e intervir nos dominios do embarazo, nacementos e máis tarde da anticoncepción, parcelas as veces consideradas tabús ou tradicionalmente alleas por completo ao feito médico. A demanda e máis a asistencia médica (xeral ou especializada), dunha muller que acepta plenamente o seu embarazo, doutra que o rexeite, van ser totalmente diferentes a moitos niveis, como é lóxico supoñer. NO primeiro caso (embarazo desexado), a muller pode contar cos mellores cuidados indiscutibelmente perfeccionados e correctos, en todo o que se refire á protección tanto da parturienta como do futuro neno. O contacto médico-paciente faise favorábel e duradeiro. Porén, o anuncio, dun embarazo "non desexado" causalle inmediatamente ao médico ou especialista unha preocupación consciente e unha contra-aptitude profundamente inconsciente, enfrenteado a un problema grave e preocupante que vai depender tanto da súa técnica como da ética da súa profesionalidade.

No ano 1972, existían en 103 países (sóbor de 136 lexislacións coñecidas) indicacións para interrupción do embarazo ven por motivos médicos, euxeñicos, éticos, médico-sociais ou mesmo sociais, en moitos casos melanzados nunha acción médica máis ou menos estritamente implicada. Nesas condicións o debate médico-paciente, e no caso dun embarazo non desexado, implica un terceiro intruso; e totalmente inevitábel o resentir o médico como un xuíz ou home de lei. A literatura



consagrada ao aborto está chea de anotacións dest orden que corresponden a aventuras reais ou relatos deformados pola angústia ou sentimento de persecución; as queixas refírense sóbor da aptitude do corpo médico, e noutros casos o personal sanitario. Pero todo isto é claro que non beneficia en absoluto nen á saúde dun país nen moito menos á reputación da propia medicina.

En máis de 27 países non existe practicamente nengunha posibilidade de tomar en consideración unha demanda de interrupción do embarazo. O médico topase pois impotente para poder intervir, excepción lóxica daqueles que adopten unha aptitude contestatária, pois serían envoltos nunha práctica de aborto criminal. Agora ven, todas aquelas situacións da existencia dunha "doble medicina", penso son fundamentalmente malas.

A nivel demográfico, poderíamos falar que nace un neno de cada 3 posíbeis. No que se refire a Europa, estímase que o 30 por mil de nacementos evitados deberían repartirse entre abortos, e interrupcións dos embarazos por unha banda e resultados da programación anticonceptiva por outra.

A cuestión que teríamos que plantexarnos e a seguinte. ¿Pode a interrupción legal dos embarazos limitar por si mesma a taxa dos abortos criminais? Por outra banda ¿constitúe a interrupción legal un perigo para a educación da poboación a utilización dos métodos anticonceptivos?

Curiosamente en certos países, caso da Rumania, a interrupción legal dos embarazos sustitúese temporalmente a propia anticoncepción, cousa que p. ex. non aconteceu noutros países como os U.S.A. quizais pola razón de que evolucionaron social, económica e culturalmente de forma diferente. Por iso sería imprudente concluir ca liberalización dunha lexislación que conleva automaticamente un golpe a educación anticonceptiva.

da terra asoballada

"CRISTIANOS POLO SOCIALISMO" E O ABORTO

Os "Cristianos polo Socialismo" do Estado español diante dos xuízos que han ter lugar o 26 de outubro en Bilbao contra 11 mulleres acusadas de practicar abortivos, declaran: que ao tempo que se afirman no respecto xeral pola vida, na negación do dereito indiscriminado ao aborto e do principio de dispoñibilidade sen restricións do propio corpo, denuncian a falta de equidade e a hipocresía da sociedade e do correspondente aparello legal e xudicial fronte ás mulleres que abortan.

Esta sociedade e este aparello persiguen, procesan e penalizan de xieto case exclusivo a aquelas mulleres que, pola su penúria de recursos económicos para manter a máis fillos, ou pola súa falta de información sobre a vida sexual, ou pola dificultade de acceso a malos reguladores da natalidade, víronse danlunha maneira, empurradas á práctica, nada grata para unha muller, do aborto, realizado...

psicolóxicas deplorábeis.

Na mesma, esta sociedade coas súas lexis e tribunais pasa por enriba os moitos casos nos que as posibilidades económicas lle permiten a outras mulleres a operación abortiva en hospitais e clínicas extranxeiras.

Denunciamos, ao fin, o apoio prestado pola Igrexa a que esta discriminación sobre a muller carente de recursos se mantéña e magoamomos da case total auséncia das voces dos crentes para protestar contra esta situación.

Secretario de CPS
dó Estado español

NOTA DA ALCALDIA DE BOVEDA A OPINION PUBLICA

Diante do acordo da Diputación de Lugo, na sesión do 29-10-79, en que U.C.D. por ser maioritaria na devandita Corporación Provincial, asumiu a responsabilidade de querer revocar un acordo do pleno do Concello de Bóveda interesando

deportivas, no lugar máis axeitado, como son os terrenos da nova AGRUPACION ESCOLAR de E.X.B. de Bóveda, e que carecen de calquer instalación onde podan practicar deporte os case 300 nenos de todo o Municipio, que alí acuden diariamente...

O Alcalde-Presidente do Ilmo. concello de Bóveda, desexa facer chegar á opinión pública as

seguintes puntualizacións, diante dun acordo que se pode calificar de "histórico", polo que supón de precedente, toda vez que atenta claramente contra da autonomía dos Municipios, recoñecida polas lexis vixentes.

COMO REPRESENTANTE LEGAL DO CONCELLO DE BOVEDA:

1) Que quede claro que na Diputación de Lugo a U.C.D., é a responsábel das posíbeis consecuencias que se deriven da súa decisión, neste asunto.

2) A U.C.D., asume a

Municipio (RUBIAN E BOVEDA), cando do que se trataba era simplemente de invertir un diñeiro na mesma parroquia, pero en sitio distinto, destinado aos mesmos fins, (terrenos municipais do Grupo Escolar, carentes de todo servizo deportivo, en vez de nunha plaza municipal que xa ten tales servizos); pero sempre na mesma parroquia.

3) O criterio do concello ao solicitar o cambio foi tratar de solucionar un problema real e urxente, e responsabilizámos a U.C.D., local e provincial das consecuencias nefastas que traí para os nenos de todas as parroquias do Municipio de Bóveda (case 300 escolares que aisten todos os días ao Grupo Escolar "ROSALIA DE CASTRO" e que non teñen, nen van ter nun inmediato futuro, ningún tipo de instalación deportiva e recreativa toda vez que o M.E.C. segundo manifestación da Delegación Provincial, non ten previsto por falta de recursos económicos, a

concello non ten unha peseta, para isto.

4) Responsabilizar a U.C.D., de pretender afondar en vez de limar asperezas de convivencia e que poden traer consecuencias de insolidaridade no pobo.

5) Esta Alcaldía-Presidencia desde este momento declina toda responsabilidade diante dun feito que supón a consumación dunha cacicada deste tipo e lamenta a actitude de desprecio que supón esa decisión da U.C.D. pra case 300 nenos deste Municipio, que non van poder facer deporte precisamente no ANO INTERNACIONAL DO NENO.

¿Non está en xogo a AUTONOMIA MUNICIPAL? ¡Que cada quen tire as súas conclusións! Para comprobar a realidade obxectiva, poden os posíbeis escépticos ver cos seus ollos o lugar de autos en Bóveda (Lugo). Ver para cre.

da arte e dos xeitos

O CASTRO DE BRITEIROS EN GUIMARAES DE PORTUGAL

Compre ir a Guimaraes, perto de Braga e visitar o Museo Arqueolóxico no que se gardan importantes mostras da cultura castrexa, da arqueoloxía do Portugal Miñoto que tanto ten que ver con Galicia. Pero no que si hai que reparar un pouquiño máis é no Castro de Briteiros, na "Citânia". Precisamente esta verba levou aos pioneiros da arqueoloxía castrexa a diferenciar os núcleos defensivos sen construcións de hábitat como "Castros" e as grandes cidades con cachoupas e restos de edificacións como "Citánias". Mais a esta teoría desequida foi desbotada, a toponimia, os estudos amosan a súa pouca validez.

Briteiros é un grande "Oppi-

dum", unha cidade defendida polos seus grosos valados de mampostería granítica que no seu interior acolle o que queda dos cimentos de obras de máis sinxela arquitectura castrexa deica complicadas construcións de enxeñería: Minas, sobterraños, fonte, regos, canles, caballeirizas, etc.

Das edificacións somentes queda a pedra, e como moito restos de barro e metais, habería outros elementos construtivos que completarian unha comodidade elemental dentro das casoupas, tal serían materiais pouco resistentes: ramas, cestería, adobes de barro dos que aínda queda algunha mostra.

Temos que remitirnos aos datos de Ptolomeo, Plinio, Mela e Estrabón para saber que nesta bisbarra entre o Miño e o Douro habitaban as tribus dos Grovii, dos Limici, dos Leuni, dos



Seurbi e tamén poida que os que lle diron nome ao Noroeste loitando contra Décimo Junio Bruto, os Callaeci, máis este dado como moitos outros aínda queda por comprobarse arqueoloxicamente.

Foi o Francisco Martiñs Sarmiento en bon afeitoado que polo 1875 perto da súa quinta veranega enceta as excavacións, os achádegos abraían aos eruditos deste momento historicista, desde aquí escomezase a facer no

Noroeste da Península unha arqueoloxía medianamente científica. Grandes arqueólogos daquel entón como Cartailhac, Guimet, Virchow... acuden a Briteiros a dar as primeiras teorías. Falase dos "Pelagos", dos Oestrinnios, dos Celtas... todo queda adobado nun aquilo de romanticismo con pouco rigor científico e moitas ansias de lenda, de oubar as orixes. Así, posteriormente nacerá a Sociedade de Martiñs Sarmiento de Guima-

raes que tenta crear un centro de estudos e un Museo que recolla as coleccións extraídas polo ilustre pioneiro dos arqueólogos portugueses, institucións que aínda hoxe son un exemplo a seguir polos novos arqueólogos galegos. No Museo gárdanse obras moi significativas da cultura castrexa: A Pedra Ferosa, moimento que parece ser de tipo funerario, a pedra da casa do Coronero, a plutocrata, aristócrata de Briteiros, escultura esta que á beira do nome de Coronero ten o enxebre dibuxo de "huella" tan característica do mundo Atlántico e da Cultura Castrexa. No Museo gárdanse tamén importantes coleccións de cerámica, arrecada e os instrumentos de uso común dunha sociedade que viveu en Galicia denantes do século V a. C deica ben entrados os tempos medievais.

Por FELIPE SENEN

andando a terra

O SEÑOR BOULLOSA

Hai anos que non teño noticias do meu amigo seor Boullosa. Coñecino hai moitos anos no Porto. Era dono dunha rede de hoteles espallados por todo Portugal. E de por parte era propietario dunha gasolinera no cais do Porto da que, polo visto, se suministraba toda a flota mercante e pesqueira do norte de Portugal. Os hoteles servíanlle pra relacionarse cos hóspedes que lle interesaban. O señor Boullosa era fillo dun galego emigrado a Portugal. Os seus apelidos completos era —ou son— Fernández Boullosa ou Boullosa Fernández. Non estou moi seguro. Ademais de propietario da rede de hoteles e da gasolinera reseñado tamén facía versos. A súa especialidade eran os epitafios e as letras de fados. Tiña de man a un fadista que cantaba as súas letras.

Coñecín o señor Boullosa, hai ben anos, no hotel da súa propiedade no Porto. Pescoume un día as oito da mañá, acompañoume a almorzar na "Brasileira", convidoume e logo

pechoume no despacho do seu hotel e comenzo a lerre epitafios, que tiña gardados non bolso de viaxe que por fora poñía en letra grandes: "Alitália". Así me tivo deica as once da mañá, que ven a rescatarme Saleta. Os epitafios do señor Boullosa, todos en verso e maiormente en sonetos, estaban divididos, polo propio autor, nos seguintes apartados:

a).— Os adicados ós seus ascendentes: abós, pais, tios, curmans e sobriños.

b).— Os adicados as súas tres lexitimas esposas, as tres xa gozando de mellor vida, pra decilo como é debido.

c).— Os adicados ós seus amigos mortos.

d).— Os adicados ós seus amigos vivos. Entre eles había un adicado a d. Valentín Paz Andrade e outro a Fidel Castro.

Persoalmente coído que o feito de que o señor Boullosa lle compuxera un epitafio a un amigo aínda vivo é unha patente de longa vida. Os casos de Paz Andrade e de Fidel Castro son ben ilustrativos e clarificadores. Outra das grandes paixós do




Ilustración: ALFONSO CASUCAS

señor Boullosa era xogar ó tute de catro. Disfrutaba as súas vacacións no lugar natal do seu pai —Caritel, en terras de Pontevedra— xogando ó tute quince días seguidos. Pra eso contraía, a mantido, a tres xornaleiros, cos que armaba a partida. Pra que tiveran interese no xogo poñía a tanto a partida. Si perdían os xornaleiros, o señor Boullosa non cobraba. E si era el o que perdía pagaba como un banco.

O señor Boullosa tiña amigos en toda Galicia. Entre os seus

amigos montfortinos cóntase o señor Moreiras, importante industrial da rama do coiro. Según me ten contado o señor Moreiras, hai anos, o señor Boullosa convidouno a facer un viaxe por Portugal.

—O señor Boullosa veume agardar a Valença do Minho. Eu era o seu "convidado de honra". Andivemos Portugal de cabo a rabo, dendes do Miño deica a Algarbe. Fixemos o viaxe en automóvil. A noitiña parabamos en povos pequenos, capitales de axuntamentos. A hora de cear —xantar, dicen os portugueses—

M. HORTAS VILANOVA

pasaba recado a tódolos poetas locais e convidabaos a cear. Eran mestres, médicos veterinarios, cregos, empregados municipais e de xuzgado. Despois de cear comenzaban todos eles a recitar versos. Aquelo era unha diversión. Fixate que poetas serían que o señor Boullosa era o mellor de todos eles.


Nunha das miñas viaxes ó Porto, hai xa anos, hospedeime no hotel propiedade no señor Boullosa. El non estaba. Andaba por Madrid. De seguro que me librei dunha nova lectura de epitafios. Por algunhos amigos portugueses recibín en diferentes ocasións lembranzas do señor Boullosa, ás que correspondín moi gustoso e con moi fina vontade. Non sei si me faría a honra de adicarme un epitafio. Si mo compuxo a verdade é que me gustaría coñecerlo. Aínda que epitafio por epitafio prefiro o que me escribiu, xa hai moitos anos, o meu colega e amigo Bernardiño Graña e que non me quixo mostrar. O mellor aínda o garda entre os seus vellos papeles. De Bernardino Graña un agarda sempre calqueira solpresa.

arredor de nós

FALANDO DA PINTIGA

A píniga é un animal moi coñecida e popular, nomeándose zarramancha e zarrancha no Coural, pezoña por Sigüeiro, sarabanduxa pola Illa de Ons, recibindo tamén os nomes de píniga, píniga, pozoña, salamancha, salamántiga, sacabeira,...

Sempre temida polas xentes, que din bota veneno polas manchas marelas, decíndose que o líquido branco que bota é moi pezoñento, mortal, cando en realidade é unha secreción cutánea de propiedades irritantes, de función protectora dos depredadores. Outra cousa que se ten dito dela é que é pezoñenta ao trabar, e mesmo que, coma contan no Courel, se lle botas a man podes perder os dedos, contándose do caso dunha señora que por coller



unha píniga, enfermóulla e tiveron que cortarlle. Que si ac pasar ao rente dunha, polo monte, despois ven a meiga, dache o aire e até podes morrer, e que si resiste o lume ou podes cortar en anacos seguindo viva, Dende logo tense falado ben dela

e sempre co mesmo medo.

Salamandra salamandra é un anfíbio urodelo (co cola), da familia Salamandridas, sendo unha característica xeral dos anfíbios a necesidade de manter unha constante hídrica orgánica para non se desidratar.

De actividade nocturna, atopámola polos lugares húmedos e sombrizos; sae no outono, no inverno se non é moi frío, e na primavera. No vran, o mesmo que cando fai moito frío, métese ou nos buracos dos ratos ou se soterra. Polas noites sae do seu curruncho na procura de insectos, miñocas, lesmas; aínda que saben nadar, non o fan de ben como as sabanduxas.

No tempo da ourea (celo), que é máis ben polo outono, o macho ao atopar unha fémia, montaa un pouco de lado para que non fuxa, e despois métese embaixo, amarrándose coas patas dianteiras correspondentes da fémia, facendo movementos, deixa unha capsula no chan que é o espermatóforo. Ao se apartar, a fémia recolle o espermatóforo (que é onde vas os espermatózooides) coa cloaca.

Emporiso a fecundación e desenrolo dos ovos é interno (son ovovivíparas); ao cabo duns meses, a fémia achégase a un regato onde para de 10 a 15 crias, que son moi semellantes aos adultos, pero con bránquias para respiraren, pois viven na auga, onde botan 3 ou 4 meses, sendo polo outono e máis na primavera cando abondan máis estas; despois de varias transformacións, chegan a xuveniles xa coa forma definitiva.

Pola cor que teñen, sempre negras con manchas marelas máis ou menos grandes, avisan aos depredadores da súa faceta irritante, parello isto coa lentitude de movementos que teñen, precisando deste mimetismo como protección, mentres que as larvas que teñen máis inimigos non teñen esta coloración.

Por CHAIRA

MUSICA



A CULTURA EUROPEA DO MEDIOEVO E OS CARMINA BURANA (1)

A música xunto da poesía e a danza formaban parte cotián da vida europea da Idade Média ao grao de ser inseparábeis de calquer festividade profana ou relixiosa. A colección máis importante de cancións entre os séculos XI e XIII foi atópada nun mosteiro beneditino de Baviera e bautizouse como "Carmina Burana"; trátase dunha antoloxía internacional na que se misturan pezas sagras con cantos líricos ao amor e á primavera e cánticos ao viño, á comida e ao sexo con parodias que poderían facer ruborizarse aos redactores do Pápus pola súa irreverencia e obscenidade. O código recolle, como xa dixer, pezas de todos os puntos de Europa e se ben o idioma é xeralmente o latín, non escasean os textos en alto alemán ou francés. A notación musical fíxose en neumas, é dicir sen liñas de pauta, o que fai case imposible a transcripción pero ao ter atopado as mesmas pezas escritas en pautado en Bibliotecas europeas (Cambridge, Chartres, Erfurt, Londres, Milán, París, Las Huelgas, Ripoll...) púdoase reconstruír a música e recobrar as claves deste tesouro cultural.

O primeiro intento de recobrar para a fonografía o son desta música foi o do musicólogo Thomas Binkley ao fronte do Studio der Frühen

Musik (Telefunken SAWT 9522 e 9455) no 1963. A grabación comocionou o mundo musical desa época e recibiu todo tipo de premios e aplausos. As fermosas grabacións escoitadas actualmente denuncian unha comprensión perfeccionista e preocupada por un decorativismo incompatíbeis cos criterios musicolóxicos de última hora, especialmente na utilización dos laúdes e o sentido da ornamentación nestos así como o xeito de cantar esta música cunha técnica depurada: Algo semellante ao sucedido coas versións de Vivaldi de I Musici que resultan inaceptábeis hoxe en día pesia significar un hito no seu momento histórico. Isto non implica que teñamos que tirar á basura cos discos de Binkley nen cos de I Musici do mesmo xeito que non tiremos coas versións de Bach que grabara Furtwängler, corresponden a unha comprensión supersticiosa da música interpretada pero, dentro desta comprensión, son extraordinarias e de coñecemento imprescindíbel pois refreñan unha sensibilidade e unha creatividade auténticas aínda que diferentes das nosas.

A postura de René Clemencic na interpretación da música medieval levantou hai tres ou catro anos tanta polémica como a despertada polo Monteverdi ou o Vivaldi de Nilolaus Hartnorkout ou o Bach da Academy of Saint Martin-in-the-Fields. Clemencic parte da reconstrución do xeito musical medieval e das posibilidades reais dos instrumentos explotando especialmente a diversidade tímbrica da organografía da época. Cántase sempre con voz natural e bótase man do expresionismo máis descarnado chegando ao paródico ao se tratar de cánticos de borrachos. Este espírito lúdico o leva a facer cantar ao grande zanfoñista René Zosso nunha imitación dos cantos de cego que aínda non hai moito podíanse escoitar en diversos puntos de Europa. Loxicamente a temática da canción vai configurar o xeito interpretativo na búsqueda dese expresionismo do que falaba. A improvisación e as intervencións de elementos onomatopéicos ou de ambiente como os vasos golpeados contra a mesa ou o bater dos dados son utilizados sen rubor. Especialmente ilustrativa é a interpretación do "Officium Iusorum" unha misa paródica onde respetando o repertorio gregoriano trócanse os textos por outros referentes ao xogo (así o crego dá "ornemus" -apostemos- por "oremus" ou "Fraus vobis" - O fraude sexa convosco - por "Dominus vobiscum") e na que as voces aguardentas, os efectos tímbricos,

os "gags" (ao crego dalle a tos durante a lectura da Epístola e os feligreses falan entre si mentras un sônase o nariz estrepitosamente) utilízanse ceibeiramente. As interpretacións dos Carmina Veris et Amoris poseen, porén, un lirismo especial realizado por unha instrumentación sóbria e oportuna.

As concepcións de Clemencic son suficientemente polémicas como para ser mal aceptadas e préstanse a desagradábeis oportunismos do tipo do lamentábel "Codex Glúteo" grabado por Atrium Musicae. O que está fora de dúbidas é a honradez e a profesionalidade do Clemencic Consort e que as argumentacións deles son moi fortes. Acaba de aparecer en Cataluña a edición dos tres primeiros volumes da integral dos Carmina Burana. Particularmente as recomendando fervorosamente se ben preveño aos puritanos de todos os xeitos que esto ten pouco que ver coa súa concepción do que é a música pero pode representar unha alternativa válida para explicarse o sentido da Idade Média. As grabacións son bastante boas e os textos veñen dados no orixinal, en catalán e en horrendas traducións ao castelán (este último se nos discos 2 e 3). A presentación é fermosa.

XOAN M. CARREIRA

FICHA TECNICA:

CARMINA BURANA. VERSION ORIXINAL E INTEGRAL.

Clemencic Consort.

Vol. 1.- Carmina Gulorum et potatorum. Carmina Amoris infelicis. Edigsa-Harmonia Mundi EHM 335.

Vol. 2.- Carmina Moralia; Carmina Divina. Carmina Veris et Amoris. Edigsa-Harmonia Mundi. EHM 336.

Vol. 3.- Carmina Veris et Amoris. Officium Iusorum.

Edigsa-Harmonia Mundi EHM 337. Interpretacións.- 10 (1er artigo) - Grabación.- 8

O CURRUNCHO DO LEITOR

Por AMARO VEIGA

Entre os libros recen aparecidos ao público relacionados coa nosa cultura e/ou a nosa fala, temos que salientar, aparte dos de poesía "O libro dos

moitos" da autoría de Eduardo Moreiras e "Soldada mínima" de Manuel Rodríguez López, ambos os dous editados por Edics. do Castro, xénero literario que este comentarista deixa para comentarios que fará outro colaborador de A Nosa Terra, o importante "Estudios rosalianos" do profesor Carballo Calero, editado por Galaxia.

Neste libro relevante para a crítica rosaliana, Carballo Calero, baixo o subtítulo "Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro" fai un apañío de varios ensaios e estudos referentes á nosa grande poetisa nacional. Ensaio de corte académico e co rigor que caracteriza ao ilustre catedrático galego, son de doada lectura e de notábel validez como texto complementario para os centros docentes para cando se impartan clases sobre a lingua e literatura galegas.

Outro libro importante, nomeadamente polo fin que persigue, ademais de polo contido, que é o de servir como texto para o ensino foi tamén publicado por Galaxia "Introducción á filosofía" de varios autores, catedráticos e profesores agregados de Instituto.

Compre se deter un chisco na análise deste texto destinado ao ensino. Ao contrario do que outro anterior, relativo a outra materia: "Xeografía Descritiva de Galicia", tamén de varios autores, que contén unha mancha de erros científicos graves que debían obrigá a retirar o libro do mercado, o texto que comentamos "Introducción á filosofía" pode considerarse -ideoloxías á marxe- un texto logrado.

Se cadra non está ben por á beira dun notábel artista como Castelao un dibuxante realmente mediocre ou mesmo misturar deseños de figuras ilustres do pensamento galego, tamén bastante maus, con fotografías de filósofos "recoñecidos" en perxurio dos pensadores galegos.

Adubiado o texto no seu plantexamento e contido cun certo xeito "escolástico" e "personalista" da interpretación do pensamento filosófico en deterioro de criterios máis amplos do que poderíamos chamar filosofía social, o libro é, porén, un bon texto para o inicio á filosofía. Con moito superior, en moitos aspectos, aos textos casteláns que se veñen empregando nos Institutos.

Este sentido escolástico, xustificado pola formación dos autores e seica pola procura dunha maior eficacia pedagóxica, fica compensado co

plantexamento totalizador ou global que fai o libro encol da Filosofía. Así, a saber, nos diferentes temas tratados tencionan os autores suxeirir os comentarios, con rigor filosófico e aproximándose o máis posible á realidade galega.

Se cadra o texto é denso de por máis para o alumnado, carente de metodoloxía e coñecementos filosóficos, o que sen dúbida deberá ser substituído por unha eficiente actuación docente por parte do profesorado. Evidentemente o rigor científico do libro probablemente esixía tal densidade, mais non chega un curso para desenvolver doadamente todo o temario do libro: 1. O saber filosófico 2. O home e o seu mundo. A estrutura psíquica do home 3. A percepción 4. Imaxinación e memoria 5. Intelixencia 6. A motivación 7. O problema da liberdade 8. Comunicación e linguaxe 9. A linguaxe formal. A lóxica 10. Cálculo lóxico. Lóxica proposicional 11. Cálculo lóxico. Lóxica de clases. 12. Metodoloxía do saber científico 13. Verdade e certeza. Diversos criterios 14. A dimensión social do home 15-16. A dimensión moral do home. Éticas materiais e éticas formais 17. Xusticia e dereito 18-19. O problema da realidade e da persoa humana 20. O problema relixioso 21. O sentido da existencia humana.

Tamén compre suliñar a confusión existente nos temas 15-16. A dimensión social do home, ao careceren os autores sen dúbida dun rigoroso coñecemento sociolóxico e xurídico de conceptos como "sociedade", "Comunidade", "Nación" e "Estado" e derivar estas categorías operantes do noso entorno exclusivamente do pensamento filosófico e das correntes ideolóxicas existentes nesta disciplina. Ao contrario do que noutros temas (p. ex. o 2. O home e o seu mundo...) en que se tivo en conta un criterio interdisciplinar e a recolleita de datos de disciplinas como a Bioloxía, neste tema tan importante para unha sana concientización política esclarecedora do alumnado galego, os autores non foron afortunados. Non se poden confundir conceptos que a Ciencia Política e a Socioloxía ten deslindado xa perfectamente desde hai ben tempo. Outros pequenos reparos se lle poderían por a este Manual que, porén, non afectan á finalidade e rigor científico -filosófico que o libro ten. Ao noso modo de ver o libro, como dixemos, é un libro logrado e cumple axeitadamente a finalidade para que foi escrito.

AXENDA

TEATRO

XOVES, VERNES, SABADOS, DOMINGOS. - "Eu, Maiakovski", ás 10 da noite. Obradoiro de Investigación Dramática. Sala Carral do Círculo Ourense-Vigués. Rua Carral 18-baixo. Vigo.

PUBLICACIONES

ETNISMO. - Voceiro esperantista sobre "etnias minoritarias". Núm. 22, adicado a Galicia.



9,30. Círculo Ourense-Vigués. Rua Carral 18-baixo. Vigo.

O teatro na escola (Pra os mestres). Vernes, de 8 a 9,30. Círculo Ourense-Vigués.

Espresión dramática infantil e plástica (Pra cativos). Sábados ás 11. Círculo Ourense-Vigués. Rua Carral-18. Vigo.

ACTOS

DIA 14. - "Opera y cambio social (de la Ilustración al liberalismo)". Por Arturo Reverter Gutiérrez de Terán. Dentro do ciclo "Ritmo: 50 años". Na Sala "Sargadelos". Santiago. 8 do serán.

12 DE SANTOS. - "Pruebas experimentales de la teoría de la relatividad", por Francisco J. Ynduráin, vicerrector da Autónoma de Madrid. Homenaxe a Albert Einstein. En "Sargadelos". Santiago. 8 do serán.

17 DE SANTOS. - Queimada con gaitas do país en Madrid. As 7 no C. Cultural de Prosperidad. Calle Mantuano 51. Metro "Prosperidad", e Buses 1, 9, 16 e 72. Organiza a Agrupación Cultural Galega "Lóstrego".

8 DE SANTOS. - Conferencia "Entre o mito e a historia: Santiago de Compostela". 8 do serán no Círculo Mercantil de Santiago. Conferenciante, Carlos Almuíña Díaz. Dentro do ciclo "Historia física e social de sete cidades galegas", que organiza a Agrupación cultural "O Galo".

CINE

16 DE SANTOS. - "Pajaracos y pajaritos", de P.P. Passolini. Dentro do ciclo adicado ao cineasta italiano. Cine-club Marín. No Cine Quiroga.

MOSTRAS

P.A. ESTEVEZ. Pinturas. No Liceo Recreo Ourense. Do 12 ao 21 de santos. Ourense.

MARIA LUISA SIMONE E LUCIANO BIANCHI. Pintores italianos. Galería "Sargadelos". Santiago.

ELENA GAGO. Pintora. En "Torques". Algalia de Abaixo 39-primeiro. Santiago.

MOSTRA DE OUTONO. Pintura e escultura galega contemporánea. Do 6 ao 25 de santos. No Kiosco Alfonso da Coruña. Organiza A NOSA TERRA.

CINE CLUB "PADRE FEIJOO"

Casa da Cultura (Rua do Concello, 13-Ourense). Vernes día 9: as 6 da tarde para nenos "Wagon master" de J. Ford.

As 10,30 da noite: "La huelga" de S.M. Eisenstein e "La madre" de V.I. Pudovkin.

Martes día 13: As 8 da tarde: "Fiestas galantes" de René Clair.

Mércores día 14: As 8 da tarde: "Une partie de compagne" de Jean Renoir.

Vernes día 16: As 10,30 noite: "El enemigo principal" de Jorge Sanjinés (Bolivia), fil anti-imperialista.

AGRUPACION CULTURAL AURIENSE

Praza do Corredor-17-Baixo-Ourense. Teatro para nenos:

Vernes día 9: 8 tarde. Grupo ANTROIDO con "Xaxarra, peituda, panogas, o rapaz e o cachamón" de R. Vidal Bolaño.

Domingo ((1)) e lús ((2)): 8 tarde: Cine "El navegante" de Buster Keaton.

Etnismo

N-RO DE INFORMILO ORI ETNAJ PROBLEMOJ 10309

UNA DE LAS ETNIAS DE LA GALEGIA

Concedido: Debe de ser necesario, oportuno, en las 21 referencias por escrito de diversos tipos de literatura, en particular de la etnología, la historia y la lingüística, para demostrar la existencia de la etnia galega en la lengua "Etnismo", que se publica en la revista "Etnismo", que se publica en la revista "Etnismo".

EN LA REVISTA "ETNISMO", que se publica en la revista "Etnismo".

curso de lingua

M. PILAR GARCIA NEGRO
XOSE M. DOBARRO PAZ

Catro

EDUARDO PONDAL: A NECESIDADE DE RESCATAR O NOSO PASADO HISTORICO

A Lingua tiveran

A lingua tiveran por lingua de escravos; esqueceran os patrios acentos, suidosos e brandos. Dos pròprios acentos tiveran vergonza; de cautivos falaran palabras, de servos e ilotas.

Deixaran os doces acentos xocundos, por estrañas palabras de servos, ignoros e escuros.

A nai afrixida da escura miseria, os pròprios tomara por xente estranxeira, e espantada escuitara dos fillos a plática serva.

Dos celtas antigos

Dos celtas antigos gloriosos exemplos; do duro romano non lixios, non servos; rompede as cadeas da pátria, dos eidos; luitade valentes; luitade, galegos.

Con rogo e con pranto, con brandos acentos, non ben se consiguen os nobres empeños; esforzo e constancia vos peden os tempos; luitade animosos; luitade, galegos.

Luitando se vencen da sorte os degredos; quen luita, ése é forte; quen cede, ése é servo; oponde aos destinos un peito de ferro; luitade, luitade, luitade, luitade, luitade, galegos.

A nosa literatura do século XIX conta coa obra de tres grandes poetas que, desde diferentes ópticas, tentaron erguer o edificio dunha literatura galega e que foron auténticos precursores (como os chamou o mesmo Murguía) dunha conciencia nacional que fixo posíbel o camiño percorrido até hoxe. Os mesmos protagonistas do "Rexurdimento" eran conscientes do carácter político e non só literario do movemento: "Aguirre y Pondal—dinos Murguía— no fueron sólo los jefes del movimiento literario de su tiempo, sino también los partidarios de una idea política y sus entusiastas propagadores".

Dos nosos escritores do XIX, Pondal é por antonomasia o poeta patriótico que teima unha e outra volta en lembrarnos escenas gloriosas do noso pasado—dun pasado mítico— para nos animar a rescatalo e a dar a luz á "caduca Iberia". A parte máis notábel da obra de Pondal nótrese desta idea; por isto, o resultado poético ha ter inevitavelmente tono épico. O mesmo poeta incorporárase ao movemento de recuperación nacional, sentíndose o bardo da raza, digno herdeiro dos antigos poetas, compañeiros dos esforzados guerreiros.

Ao bardo lle corresponde erguer a súa voz, forte e baril e animar ao seu pobo a participar na loita colectiva.

O bardismo do noso poeta atopa así a súa xustificación no ideal de reconstrución nacional que predica. Non se trata, pois, de "dandismo" intelectual de nengún tipo, senón de implicar todos, desde a arenga poética, a participar, construíndoo, no destino común de glória e resurrección.

A alusión continúa ao noso pasado non é, daquela, veleidade romántica ou arqueolóxizante: é, polo contrario, chamada á unión e á loita por recuperarmos os nosos destinos. A historia do pasado, en definitiva, como xustificación e aval dun presente de loita para conseguir un futuro de liberación. Na concepción de Pondal, moi común no XIX, só as nacións cun pasado de glória e fazañas tiñan dereito a dispoñer do seu propio futuro: eis o porqué do constante recordo dos primeiros galegos como garantía de que a nosa pátria merecía sobrevivir...

Unha única alusión máis a unha componente ideolóxica deste movemento e da que Pondal é o máximo representante. Trátase da celtomanía, que compre explicar nos mesmos termos que a lembranza histórica. O celtismo apaixonado dos nosos escritores do XIX haino que situar en dúas dimensións: unha, a xa vista, de evocar o noso pasado glorioso, protagonizado exclusivamente polos celtas, segundo eles, paradigma de valor, heroísmo e fortaleza; outra, de carácter diferencialista: nós, os galegos, fillos dos celtas, frente

aos españois, descendentes dos iberos. Teima diferencialista perfectamente explicábel no momento en que interesa suliñar ante todo a nosa personalidade singular freete aos que non dominan e someten.

Reparemos agora nalgúnhas cuestións de vocabulario. Hai unha sobreabundancia de adxectivos como *escravos, ilotas, servos, lixios...* en consonancia co dito antes; tamén é moi frecuente a invocación á loita, como nesa que vemos no segundo poema. Non podía falatár, evidentemente, a reivindicación do idioma, como seña de identidade do noso pobo moi clara. E moi lúcida tamén a visión de Pondal neste punto.

E, xa para rematar, fixémonos nalgúnhas particularidades da lingua que utiliza Pondal. No primeiro poema aparecen *escravos* e *brandos* cun r que vemos tamén no grupo consonántico doutras palabras: *nobre, branco, cravo, vo, cumprir, empregar, fraco, frauta, obrigar, pracer, praia, igrexa, prazo, praza, regra* e algunhas outras voces máis. O normal, porén, nas palabras cultas é a conservación do grupo; temos, pois, *exemplo* (non "exemplos", tal como aparece no segundo poema), *aflixida* (non "afrixida"), *exclusivo, claro publicar*, etc.

Anotemos como sinónimo de *brando* o adxetivo *mol* (pl. *Moles*).

"De cautivos falaran palabras" di un verso. *Cativos* sería, en cámbio, a forma auténtica. Lembremos a *estrofa* do célebre poema do trovador Macías:

"Cativo da miña tristura de todos prenden espanto e pregunta qué ventura foi que me tormente tanto".

Non nos debe extrañar o "galegos" (en lugar de *galegos*) que aparece no segundo poema. A recuperación do noso nome auténtico (galegos e non en español), forma parte tamén do proceso de recuperación da nosa identidade a todos os niveis, e do noso dereito a rexernos nós mesmos. Pensemos tamén no título da primeira obra importante de Rosalía: "Cantares galegos". E, sen máis, a pegada da colonización española levada ao noso propio nome.

O *oponde* é forma sinónima de *opoñede*. A primeira está feita sobre a variante *opor*, e a segunda sobre a forma *opoñer*. Ambivalencia parecida notamos na alternancia *luitade/loitade* (forma que escribiríamos hoxe), *escuitar/escoitara*, etc.

E, xa finalmente, sinalemos a escrita correcta de verbo *pedir* na sexta persoa: *peden* (e non "piden"). Ocorre noutros verbos da terceira conjugación. Por exemplo: *acudo, acodes, acode, acudimos, acudides, acoden*. Esta alternativa u/o non presente dáse tamén en verbos como *cobrir, fuxir, lucir, subir, sacudir, sumir...* e os seus compostos.

Lembramos aos que seguen o curso o que dixemos ao seu comezo: pódense dirixir por carta á sección, facendo as consultas que queiran sobre o tema, e que nós trataremos clarar satisfactoriamente.

O CONDE DE TRABA

A tradeceonal Terra Celta dende artigos anos, sin ideais políticos coa mente escura, aquelas probes xentes vivían baixo o poderío da nobreza, escravos da súa forteza socians e malina. Intre outros, temólo o de don Pedro Froila, Conde de Traba, Ayo que fora de Alfonso VI, cuya personalidade pertenceo a unha das familias mais artigas do amargurado feudalismo galego na Eda-Medea, dos que nos falan lexendareos "Cronicóns". No decaemento do reinado dos reyes vesigodos ista familia frolecia con

postos de moito intrés, é según demostra á hestória o seo orixen venlle dos reyes godos. Cando a embasón árabe, os Traba, tiveron un papel moy notábel na defensa de España. Cando morreo Alfonso VI, deixoulle o cargo de ter o seo coitado o rey—neno con moita satisfazón da súa nai Doña Urraca ó quedar viuda, sendo o conde nomeado Gobernador da Galiza. Sin dubida algunha suas riquezas deixan suxestivo a

calesquer que pense un pouco. Tiña ricos alcáceres con castillos por moitas extensións de terra. O dar comezo ó século XII foi decaendo ó seo poderío ó pasar algúns dos seus béns a mitra compostelan. Dixe dil quera un fervente devoto do Apóstol San-yago. ¡Maes con todas suas relixiosas costumes, naida fixo en ben da probeza dos seus semexantes! ... Dise que tiña un lindoso canciño que lle tiña moito agarimo, de nome "Ulgareo" que andaba sempre na súa compañía. Estivo casado duas veces; e das duas donas tivo catorce fillos, un

diles sayeo Gallofo que quer decire; asaltador de camiños que roubaban os peleríños que camiñaban a cibdá do Apóstol, dandolle depresón e tristura o Arzebispo Xelmirez, por tere a familia dos Traba en moita estima. Feneceo, ó conde ó ano de 1128. Sendo enterrado na "Quintana", no mesmo lugar onde esta oxe a Capela de Mondragón, dos Marquesses de

Santa Cruz de Rivadulla. No século XVI, ista tomba levouse pra a Catedral á capela dos reixes (oxe de Santa Catalina) astra que pasado los anos colocouse na góteca capela das Reliquias os sepulcros da nobreza baixo Real orde do rey Carlos.V. Como a eirexa compostelan recibira do Conde de Traba moitas riquezas os seo restos mortás estiveron a carón da Capela de San Fernando (Oxe o Tesouro). Cando ó fogo destruyeo a das "Reliquias" no ano 1921, ó darlle cabo os novos traballos, fonon levados a ista Capela intre as dos reices e nobres. A estatoa yacente feita en pedra do pais vese nun belo sarqueo, con vestementa e casco o estilo da súa época con unha longa espada na cima do peito é os pés o canciño "Ulgareo" como vixilante eterno de lealtade á seó famoso amo. Ista estatoa é ó fermoso altar e obra do bon escultor dista cibdá, Maxemino Magariños no ano 1924, o Emperador galego Fernando VII nascido en Caldas de Reyes (do que

lleven ó nome á vila) admiraba moito o Conde de Traba, porque estivo como dito queda baixo a súa crianza, po lo que lles donou o Monestereo de Sobrado dos Monxes cas suas terras os seus fillos, o 29 de xulio do ano 1118 e iles en sinal de agradecemento dironlle ó rey, o que en tanta estima tivera seo pai, o canciño "Ulgareo". O fin de contas, pra darlle fin a semexante hestórea, tan chea de inqedanzas esta crase de xentes, total as suas riquezas as facian á monesteiros é catedras, tesouros admirabeles que oxe adimiran os turistas, sin ter en lembranza aqueles tempos de tristíña meserea, co pasar dos anos os cruentos castillos entón de loitas e de ditas fonon de forza e coitelo. Polo mesmo ali onde ollemos un escudo, un castillo ou un palaceo, poñamolo curazón é ó pensamento na pouca humanidade da queles poderosos que se tiñan por loís cresteanos.

ANTONIO PRADO DIAZ

ANUNCIOS DE BALDE

Vendo Café-Bar, por non poder atender. Boa clientela. Local amplo, con comedoi típico. Zona Praza de Abastos. T. 223433. Ourense.

Yashica FRI. Obxectivo Yashica MC f 1'4 50 mm. Duplicador Kenloc MC. Filtro YEMCO laranxa (52 mm), e filtro YELCO 3 dioptrias (52 mm). Novo de todo, con garantía e certificado de importación. 44.000 Pts. T. (986) 419186. Perguntar por Fernando. Vigo.

Segundo chamamento Pepe Barro. Se non ten problema, escriba e mande enderezo. Xosé Manuel González. Santiago.

Pregase a todos os nosos correspondentes manden os seus datos persoais anda querendo que as comunicacións jaian signadas con pseudónimo. Obrán no noso poder cartas impublicables por non cumprirem este requisito. A NOSA TERRA

A NOSA TERRA

MAGOSTO



A forza do outono é a festa do magosto. O magosto é un rito. A xente aos que cree que entendemos diso, pergúntanos pola orixen dos ritos e sempre temos que calar. Pode que o maior valor dos mitos sexa precisamente a imposibilidade de coñecer a súa orixe: chámase maio, magosto, magosto, queimada ou "tradición local". É inútil procurarlle ao magosto un entronque coas antergas celebracións as que por poñerlle alcume lles chaman druídicas. Para o magosto non importan as penedas nen as arbores, nen as augas, nen xiquera o lume, aínda que alguén entenda isto último como unha herexía. O lume, tesouro difícil dos máis alonxados devanceiros, so serve para asar as castañas, é a proba está en que as sacamos cando, acabada a chama, xa só hai brasa e cinza. Se nos montes se fan grandes fogueiras, é para que se vexan de lonxe, se se fan con leña verde, e para presumir de fumes.

De outra, o magosto non é unha festa de moitedume, poeira e abouxo mecánico; pero tampouco é de ritual que se faga no curuto dun castro, no escampio dunha fraga ou na encosta dun outeiro. A súa nota humana e a de ser festa de mocidade, de esmorga de amigos, de mozas e mozos, pero nunca de clan. Procurábase o isolamento de xieto que desde cada magosto se vexan os outros moi lonxe, e fúxese do alarde case bélico de achegar as fogueiras. As lampetadas pousanse nunha beira, fora do lume, e non hai circos máxicos nen esconxuros. Se estes son os cabos por onde se podería turrar de un tingue é no gráfico, hai que recoñecer que o magosto ten crebados todos os fios condutores da súa orixe.

Xa que non se lle pode atopar esa orixe, ao magosto habería que buscarlle unha significación actual. O magosto é a consagración gastronómica dos primeiros froitos do outono: o froito vexetal dos castiñeiros, que foi o último en madurar e que aínda ten que pasar polo crisol do lume; o viño aínda lixeiro que se está facendo zume despois de ser terra e acio; o chourizo aínda grasto feito carne a pura vitamina dos froitos da terra e que rillou seu causante, o porco.

Traíamos as castañas dos soutos, o viño dos sucalcos, os chourizos da montaña. Imolos estrear, noviño do trínque, na grande festa da consagración do outono.

ALFREDO CID RUMBAO

Arde esta festa ao chegar novembro, en presenza de Escorpión, que administra erupcións e tumbas. As hortas entreganse á mortalla invernal; as viñas, agonizando, esplenden; os bosques, entre renxidos, declinan; máis nas adegas agroma o viño novo, e as castañas sorrín polos chaos dos soutos.

A celebración do Magosto perdura con vigor en Ourense desde Defuntos ao San Martiño, como festa da conxunción da Vida e da Morte. Morte as castañas, Vida o viño; e a fogueira estoupante, xocundo altar, congrega as danzas da xuventude sacerdotisa. Os montes, por unha vez, fumegan alegres, con estrondos e sen perigo. Entre sorbo e sorbo, entre danza e danza, os dedos recollen da cinza as castañas que a esplonxión perdou, os dentes mascan, as gaitas trinan, e antes que os pés inicien outros brincos, eses mesmos dedos encinzan frontes, papos e meixelas en alusión ao sepulcro.

O Magosto é unha orxía ilustre, sonora, arremuíñada e voraz, que con troulas dispersas fai ouvear as costelas montañas. Ao cair da tarde os magosteiros volven ás aldeas, ás vilas, á cidade, en ruidosos grupos, con borracheiras veraces ou finxidas, máis sempre oportunas. Vós, almas tristes e faces pálidas que os ollades desde os balcos e as aceras! cuspides a gravidade! maldecide a tristura! xuntádevos a esa turba borracha e toleante! Ou direi que tedes os figados de mel, de moco as pernas e os pés de barro, e acusádevos ante os mortos, sentenciaréi que sodes indignas desta terra, das súas ledicias e das súas penas.

Preocupado percibo na execución deste rito alapeante e alpestre unha crecente degradación. Primeiro foron meras castañas, mero viño e mero lume; despois adviñeron pezas de carne e chourizos que insultaron o lume sagrado envoltos en papel de estraza. Estas escrescencias papeleiras e carnosas, en principio infames, foron aceptadas; ninguén as contestou; e adoptáronse outras tahto máis facilmente canto os membros da comunidade galega eran máis oprimidos e tiñan que encomendar a súa liberdade e os seus praceres ao bandullo. Así por desgracia asistimos hoxe, noutras datas

do ano e por toda Galicia, ao inzamento de festas puramente estomacás. Nelas a gaita, a harpa, a zanfona e o pandeiro, están escludas; pois se comparecen, non soen traspasar cara á alma os tímpanos dos comensás, concentrados no tubo dixestivo. Ben, non me opoño a tales festas; máis — polos manes da Arte e da Hixiene! — creo que diversos cantos e bailes deberían compensar a deglución de tantas sardiñas, polbos e vacas mortas. Volvendo ao Magosto, agregaréi que, en pasados anos, cando xa se contaminara de elementos alleos, o concello caciquil de Ourense, por se era pouco e por idea de certos señores — que xamais bailaran, que xamais sentiren ningunha paixón incendiar as súas vidas — deuse a non sei qué temor de que o Magosto decaía, e convocou magostos domesticados, fogueiras tépidas, na Alameda que ese mesmo concello, como tantas cousas de Ourense, coa súa incuria e co seu letrocínio e coa súa avaricia desolou. Con verguña confésome culpable de ter bailado arredor dunha desas fogueiras acendidas por un misto vendido. Si, rastreiramente vendido! Aínda este ano, dúcias de homes e mulleres van bailar ao son de premios en metálico evacuados polo señor alcalde de Ourense. "Premio al mejor magos"! "Premio al magosto más concurredo"! Ourensanos, puaf! Galegos, noxo! Puaf! Fuxamos! Ourensanos e galegos: pola vosa dignidade! d sneciade todo premio aos vosos magosto e aos vosos maios! que nin a maior penuria sexa unha escusa! non aceptedes diñeiro deses concellos! e que nin hoxe nin nunca ningunha autoridade mensure con valores de cambio os nosos gozos ou as nosas iras.

O meu maxin, candente e melancólico, presinte un mouro e repelente porvir. Que as centellas nolo aparten! Porque pode ocorrer que esa Xunta, esa Autonomía, esas Delegacións de Cultura, todo burramía española, ideen pra outro ano canonizar o Magosto (o noso Magosto!) coas súas maos graxentas, e continuando un proceso de indixenización xa revello, asedien as nosas fogueiras con stands de chicles, de pepsis e de colas, e con cámaras televisoras envíen imaxes das nosas foliadas á televisión española, ou a yanquee, e a nosa orxía, que como todo orxía, nacéu contra o Estado, irán divertir as lagañas dos presidentes de dous Estados parcialmente nefastos.

Que non conten comigo.

XAVIER TORAN